# PLAN ESPECÍFICO DE MEDIDAS NECESARIAS PARA A ZONA DE MERCADO RESIDENCIAL TENSIONADO DO MUNICIPIO DE A CORUÑA

TERRES

XULLO 2025

Este documento ha sido firmado por MARIA CALVO LLANO a las 12:58 del día 22/07/2025 y por MARIA CALVO LLANO a las 13:18 del día 22/07/2025. Mediante el código de verificación 0T2B4M6N2T1Q3V5A06ZZ puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web https://sede.coruna.gal/

Este documento ha sido firmado por MARIA CALVO LLANO a las 12:58 del día 22/07/2025 y por MARIA CALVO LLANO a las 13:18 del día 22/07/2025. Mediante el código de verificación 0T2D4M6N2Z1O3V5A06ZZ puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web https://sede.coruna.gal/



# PLAN ESPECÍFICO DE MEDIDAS NECESARIAS PARA A ZONA DE MERCADO RESIDENCIAL TENSIONADO DO MUNICIPIO DE A CORUÑA

PLAN ESPECÍFICO QUE CONTÉN AS MEDIDAS NECESARIAS PARA A CORRECCIÓN DOS DESEQUILIBRIOS EVIDENCIADOS, ASÍ COMO O CALENDARIO DE DESENVOLVEMENTO DESTAS, E QUE SE AXUSTA AO PROXECTO DE PLAN AXUNTO COA SOLICITUDE DE ZMRT

## INDICE

**1. INTRODUCCIÓN ..... 3**

1.1. ANTECEDENTES E CONTEXTO ..... 3

1.2. ALCANCE DO PLAN DE MEDIDAS ..... 4

**2. DIAGNOSE E SITUACIÓN DE PARTIDA ..... 5**

2.1. CONTEXTO SOCIO DEMOGRÁFICO ..... 5

2.2. PARQUE RESIDENCIAL EXISTENTE ..... 8

2.3. NECESIDADE E DEMANDA DE VIVENDA ..... 10

2.4. O MERCADO DA VIVENDA ..... 12

2.5. ESTADO DE EXECUCIÓN DO PXOM E PREVISIÓNS DE VIVENDA SOCIAL ..... 14

**3. PLAN DE ACCIÓN ..... 18**

3.1. FINALIDADE E OBXECTIVO DO PLAN ..... 18

3.2. ESTRATEXIA DO PLAN ..... 18

3.3. PROGRAMA DE MEDIDAS CORRECTORAS ..... 21

3.4. CALENDARIO DE DESENVOLVEMENTO DO PLAN ..... 66

**4. SEGUIMENTO E AVALIACION dO PLAN ..... 67**

4.1. INIDCADORES E RESULTADOS ..... 67

4.2. AVALIACIÓN DOS RESULTADOS DO PLAN ..... 70

**5. ANEXOS ..... 74**

GLOSARIO DE TERMOS E DEFINICIÓNS

APORTACIÓNS DA MESA DA VIVENDA AO PLAN

Este documento ha sido firmado por MARIA CALVO LLANO a las 12:58 del día 22/07/2025 y por MARIA CALVO LLANO a las 13:18 del día 22/07/2025. Mediante el código de verificación 0T2D4M6N2Z1O3V5A06ZZ puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web https://sede.coruna.gal/



# 1. INTRODUCCIÓN

## 1.1. ANTECEDENTES E CONTEXTO

**Na Comunidade Autónoma de Galicia**, **a Xunta de Galicia** a través da Lei 10/2023, de 28 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, **establece os condicionantes que os concellos terán que ter en conta de cara á solicitude da Declaración de ZMRT**.

No seu CAPÍTULO II. Medio ambiente e territorio, Artigo 9. Modificación da Lei 8/2012, de 29 de xuño, de vivenda de Galicia, engádese unha disposición adicional vixésimo cuarta, referida á Competencia para a declaración de zonas de mercado residencial tensionado reguladas na *Ley 12/2023, de 24 de mayo, por el derecho a la vivienda.*

O marco lexislativo desta Declaración de ZMRT é a **Lei 12/2023, de 24 maio, polo dereito á vivenda** , que **supón a posta en marcha de diferentes instrumentos para facilitar o acceso a unha vivenda digna e asequible**, por parte de toda a cidadanía. Sendo un dos instrumentos previstos nela, a posibilidade de limitar temporal e excepcionalmente o prezo da renda dos contratos de aluguer de vivenda. Este mecanismo require a previa declaración do ámbito territorial no que se encontren as vivendas afectadas como zona de mercado residencial tensionado (ZMRT).

Esta Lei tamén fai fincapé na necesidade de incrementar a oferta de vivenda especificamente asequible (a un prezo por debaixo do mercado), esencialmente a través da promoción e preservación do parque de vivendas de protección oficial, así como abrindo a posibilidade de outras tipoloxías de vivenda asequible.

Así e dado que na actualidade non existe un parque de vivenda asequible con dimensión e estabilidade suficientes que poida dar resposta ás necesidades da poboación, é o motivo polo que esta Lei incorpora como medida de "choque" e coa finalidade de actuar no mercado de maneira provisional e temporal, en tanto non se despregan con plenitude os mecanismos de fomento de vivenda asequible e sabendo que eses mecanismos non son inmediatos e precisan tempo para desenvolverse e consolidarse, o instrumento da declaración de ZMRT, cuxo efecto máis coñecido (aínda, que non o único), é a posibilidade de limitar o prezo da renda nos novos contratos de arrendamento de vivenda que se celebren nesas zonas.

Este documento ha sido firmado por MARIA CALVO LLANO a las 12:58 del día 22/07/2025 y por MARIA CALVO LLANO a las 13:18 del día 22/07/2025. Mediante el código de verificación 0T2D4M6N2Z1O3V5A06ZZ puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web https://sede.coruna.gal/



## 1.2. ALCANCE DO PLAN DE MEDIDAS

Este documento do Plan de Medidas necesarias supón un conxunto de medidas deseñadas para reverter a situación actual e facilitar o acceso a unha vivenda digna e asequible por parte de toda a cidadanía. Foi elaborado como resultado da Declaración do municipio de A Coruña Zona como de Mercado Residencial Tensionado pola Xunta de Galicia en data 28.05.2025 e desenvolve o Proxecto de Plan de medidas correctoras presentado xunto coa Memoria xustificativa e a Información preparatoria previstos no procedemento para a Declaración. Este Plan específico está ao regulado no artigo 18.2 da Lei estatal, e cuxa redacción e implantación e resultado da Declaración do municipio de A Coruña como zona residencial de mercado tensionado.

O presente Plan desenvólvese sobre a base das políticas en materia de Vivenda que está a desenvolver o Concello de A Coruña desde a Concellería de Urbanismo e Vivenda, recollendo e incorporando, na medida que están aliñadas cós obxectivos deste Plan, as diferentes aportacións realizadas polos representantes da Mesa sectorial de vivenda que se tamén se incorporan neste documento como Anexo final.

Polo tanto, conforme ao anterior, **recóllense neste Plan** por unha banda**, as medidas e actuacións que orientarán as políticas públicas en materia de vivenda que se aplicarán no municipio de A Coruña durante o período de vixencia de 3 anos conforme ao previsto na Lei, de cara a reverter os desequilibrios evidenciados en materia de vivenda no contexto municipal.** E se incorporan as previsións de cara aos seguintes períodos de 3, 10 e 20 anos ata 2045, de cara a abordar o obxectivo de chegar ao 20% dos fogares como vivendas destinadas a políticas sociais. Esta cuestión será obxecto de elaboración mais polo miúdo no Plan de vivenda municipal que se desenvolverá proximamente e que incorporara as previsors deste Plan de Medidas.

Incorpórase tamén a información previa asociada á viabilidade de algunhas das medidas propostas, como os solos dotacionais de titularidade municipal dispoñibles e os solos correspondentes ao patrimonio municipal de solo. Tamén en relación á creación de nova vivenda pública e social no municipio, incorporase un cadro coa programación das previsións e un mapa recollendo a Administración actuante e o número de vivendas previsto.

Este documento ha sido firmado por MARIA CALVO LLANO a las 12:58 del día 22/07/2025 y por MARIA CALVO LLANO a las 13:18 del día 22/07/2025. Mediante el código de verificación 0T2D4M6N2Z1O3V5A06ZZ puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web https://sede.coruna.gal/



# 2. DIAGNOSE E SITUACIÓN DE PARTIDA

## 2.1. CONTEXTO SOCIO DEMOGRÁFICO

### A foto fixa do Padrón Municipal de habitantes

En data 16 de xaneiro de 2025, o Padrón Municipal de habitantes recolle unha poboación de **254.201 habitantes**, dos que un 53,6% son mulleres e un 46,4% homes. As persoas menores de 17 anos, supoñen o 12,8 % do total da poboación municipal.

Estas persoas conviven en **108.273 vivendas das que** un 33% están ocupadas por 1 soa persoa e un 30% por 2 persoas.

### Evolución da poboación

O municipio de A Coruña presenta nos últimos anos unha evolución demográfica positiva, aínda que moderada, que reflicte un contexto urbano consolidado, cun peso crecente dos fogares unipersoais e un acusado proceso de envellecemento, parcialmente compensado polo aumento da poboación de orixe estranxeira.

O municipio aumenta a súa poboación nun 3,1 % dende o ano 2011, pasando de 241.756 habitantes en 2011 a 249.255 en 2024. Este discreto aumento de poboación ten sen dúbida relación coas dinámicas demográficas da contorna metropolitana.

Os municipios inmediatos ao de A Coruña (Arteixo, Cambre, Culleredo e Oleiros), aportaron dende o 2011 case 11.000 novos habitantes ao ámbito comarcal fronte aos 7.500 da Cidade cabeceira.

Esta dinámica está intimamente relacionada coas dinámicas de crecemento do parque de vivendas. O tamaño reducido da comarca e as alternativas de vivenda asequible noutros **municipios** da primeira coroa alimentaron a deslocalización da poboación con respecto á cidade principal que atopou alternativas residenciais neses outros **municipios** da área urbana.

Este documento ha sido firmado por MARIA CALVO LLANO a las 12:58 del día 22/07/2025 y por MARIA CALVO LLANO a las 13:18 del día 22/07/2025. Mediante el código de verificación 0T2D4M6N2Z1O3V5A06ZZ puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web https://sede.coruna.gal/



Dos escenarios resultantes en canto a evolución da poboación municipal manexados no *Estudo Estatístico global do parque inmobiliario da cidade da Coruña e das demandas en materia de vivenda* elaborado por *Oficina de Planeamiento* SA para EMVSA, recóllense para suposto de recuperación unha poboación de 258.545 habitantes para o ano 2033.

## Composición da poboación por idades

A estrutura por idades do municipio pon de manifesto un notable envellecemento da poboación: no ano 2024, o 25,5% da poboación tiña máis de 65 anos, mentres que só o 15,7 % tiña menos de 18. A media de idade en 2024 era de 47,5 anos, lixeiramente inferior á media galega (48,36) e provincial (48,03), pero que reflicte igualmente unha poboación envellecida. O índice de envellecemento da Coruña (162,6) sitúase en todo caso, case nove puntos por debaixo do galego (172,78).

Os barrios con maior concentración de menores de 20 anos sitúanse na periferia urbana e nas novas urbanizacións como Novo Mesoiro, O Vioño ou o Ofimático. Pola contra, as zonas máis envellecidas localízanse en barrios tradicionais como Os Mallos, Os Castros, Labañou, As Atochas, Riazor ou Elviña

Esta distribución espacial do envellecemento e da mocidade reflicte tamén o distinto dinamismo inmobiliario e socioeconómico das distintas áreas da cidade.




*Gráfico 1. Poboación 2011-2024. Idades*

| | TOTAL | HOMES | MULLERES | <=19 AÑOS | 20-64 AÑOS | >=65 AÑOS |
|---|---|---|---|---|---|---|
| 2011 | 245.053 | 113.916 | 131.137 | 37.703 | 153.558 | 53.789 |
| 2024 | 249.255 | 115.426 | 133.829 | 39.079 | 146.652 | 63.524 |

*Cadro 1. Poboación 2011 Censo-2024 INE. Elaboración propia*

Este documento ha sido firmado por MARIA CALVO LLANO a las 12:58 del día 22/07/2025 y por MARIA CALVO LLANO a las 13:18 del día 22/07/2025. Mediante el código de verificación 0T2D4M6N2Z1O3V5A06ZZ puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web https://sede.coruna.gal/



## Presenza e evolución da poboación estranxeira

Unha tendencia demográfica que incide de forma directa no mercado da vivenda e especialmente na demanda de vivenda en aluguer é o crecemento do peso da poboación estranxeira. Se ben, a poboación de orixe estranxeira experimentou un crecemento sostido desde 2011, (nese ano representaba o 5 % da poboación, mentres que en 2024 xa acada o 8,5 %, con 21.111 persoas estranxeiras censadas), a súa presenza é especialmente significativa nos barrios de nova creación ou con vivenda máis accesible, e concéntrase en determinadas zonas segundo o país de orixe.

## Tamaño do fogar

Outra das tendenzas demográficas con **maior impacto na demanda de vivenda** é a diminución do tamaño familiar medio. O aumento dos fogares unipersonais, o envellecemento e a baixa fecundidade **xera máis demanda que o propio crecemento demográfico**.

O número de persoas que viven soas en A Coruña aumentou dende 2011 un 16% pasando de supoñer o 29% de total dos fogares ao 33% no ano 2025. O 14% da poboación municipal vive soa nunha vivenda

*Cadro 2. Fogares segundo Censo 2011 e fogares segundo explotación de datos de Padrón 2025.*

| A Coruña | Total fogares | 1 persoa | 2 persoas | 3 persoas | 4 persoas | 5 ou máis persoas |
|---|---|---|---|---|---|---|
| INE-2011 | 105.584 | 30.522 | 34.685 | 22.260 | 14.066 | 4.051 |
| | 100% | 29% | 33% | 21% | 13% | 4% |
| | | | | | | |
| Padrón Municipal 16.01.2025 | 108.273 | 35.427 | 32.723 | 20.731 | 13.272 | 6.120 |
| | 100% | 33% | 30% | 19% | 12% | 6% |
| | | | | | | |
| 2011/2025 | 3% | 16% | -6% | -7% | -6% | 51% |

*Fte: INE. Padrón Municipal*

Este documento ha sido firmado por MARIA CALVO LLANO a las 12:58 del día 22/07/2025 y por MARIA CALVO LLANO a las 13:18 del día 22/07/2025. Mediante el código de verificación 0T2D4M6N2Z1O3V5A06ZZ puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web https://sede.coruna.gal/



## 2.2. PARQUE RESIDENCIAL EXISTENTE

As causas do problema da vivenda en A Coruña temos que buscalas na falta de promoción de vivenda pública nos peores anos da crise, na falta dunha estratexia de vivenda da cidade, no crecemento descontrolado das vivendas de uso turístico que está a agravar o problema da vivenda na cidade e na falta de medidas ata 2019, en materia de intervención nos edificios en ruínas ou inacabados, cuxa reactivación permite reducir o número de vivendas baleiras na Coruña.

*Cadro 3. Vivendas segundo o tipo de vivenda (2011-2021)*

| A Coruña | **Total** | **Vivendas familiares** | **Vivendas principais** | **Vivendas non principais** | Vivendas secundarias | Vivendas baleiras | Vivendas colectivas |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 2011 | **135.450** | **135.411** | **105.584** | **29.827** | 10.544 | 19.283 | 40 |
| 2021 | **136.230** | **136.203** | **104.661** | **31.566** | -- | --- | 51 |
| *Fte: Explotación IGE a partir do ficheiro de microdatos do Censo de poboación e vivendas elaborado polo INE. Elaboración propia* | | | | | | | |

### Edificación de vivenda

O municipio de A Coruña incrementou o número de vivendas na década 2011-2021 en tan só 780, á vez que o número de vivendas principais diminuíu en favor das non principais.

A Coruña conta cun parque de vivenda cunha idade media que supera os 40 años.

### Vivenda deshabitada

Censualmente considérase **desocupada ou baleira** unha vivenda cando non é residencia habitual de ningunha persoa ni é utilizada de forma estacional, periódica ou esporádica por ninguén, trátase de vivendas deshabitadas; para acoutar a súa fronteira coas vivendas secundarias, estas son tales cando non sendo residencia habitual de ninguén son utilizadas só de forma estacional, periódica o esporádica un mínimo de quince días ao ano.

Os últimos datos oficias que se manexan en canto a vivenda baleira son os do Censo de 2011, á espera dos datos que recolla o **novo Censo en proxecto de 2021**. Este **Censo 2011 contabiliza 19.283 vivendas baleiras** das 135.451 vivendas existentes. O Estudo Estatístico de EMVSA que empregou os consumos de auga recollidos nos recibos emitidos para determinar a porcentaxe de vivenda desocupada, arroxa un dato para o ano 2017 dun 10,2% de vivendas baleiras sobre o total.

Este documento ha sido firmado por MARIA CALVO LLANO a las 12:58 del día 22/07/2025 y por MARIA CALVO LLANO a las 13:18 del día 22/07/2025. Mediante el código de verificación 0T2D4M6N2Z1O3V5A06ZZ puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web https://sede.coruna.gal/



## A vivenda pública

Na actualidade, na cidade de A Coruña, hai un parque de vivenda pública, en propiedade pública ou de xestión municipal, conformado por 873 vivendas. O que supón un total de 0,35 vivendas públicas por cada 100 habitantes. A continuación detállase o número de vivenda pública existente na actualidade no municipio de A Coruña.

O número de vivendas do Instituto Galego de Vivenda e Solo na cidade por barrios corresponde a:

- Novo Mesoiro: 96 vivendas.
- Grupo Pardo Santallana: 9 vivendas.
- Grupo María Pita: 3 vivendas.
- A Ferradura: 4 vivendas.
- Birloque: 15 vivendas.
- Elviña: 51 vivendas.
- Palavea: 13 vivendas.
- Barrio das Flores 43 vivendas.
- Eirís: 94 vivendas.
- Catro Camiños: 40 vivendas.
- Xuxán: 40 vivendas.
- Outras zonas: 49 vivendas.

O total de **vivendas na cidade de propiedade pública da Xunta**, son **457 vivendas en réxime de alugamento**, 61 adxudicadas en réxime de acceso diferido á propiedade e 654 vivendas publicas adxudicadas en réxime de venda con período de protección vixente. Isto fai un total de **1.172 vivendas con réxime de protección vixente**. Ademais, segundo datos aportados polo IGVS, durante os últimos 20 anos se cualificaron definitivamente na cidade mais de 5.000 vivendas protexidas.

No que respecta ao Concello de A Coruña o número de vivendas públicas desglosado por barrios é o seguinte:

- Grupo María Pita: 256 vivendas.
- Orillamar: 44 vivendas.
- Eirís: 34 vivendas.
- Os Rosais: 11 vivendas.
- Novo Mesoiro: 11 vivendas.
- As Lagoas: 8 vivendas.
- Veramar: 10 vivendas.
- Outras zonas: 35 vivendas.

O total de **vivendas públicas do Concello** son **409 vivendas en propiedade**, ás que se engaden a maiores as que xestiona a través da Empresa Municipal de Vivenda, Servizos e Actividades (EMVSA), un total de 41 máis.; **450 vivendas en total**.

Este documento ha sido firmado por MARIA CALVO LLANO a las 12:58 del día 22/07/2025 y por MARIA CALVO LLANO a las 13:18 del día 22/07/2025. Mediante el código de verificación 0T2D4M6N2Z1O3V5A06ZZ puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web https://sede.coruna.gal/



## 2.3. NECESIDADE E DEMANDA DE VIVENDA

### Necesidade de vivenda no Municipio

A demanda futura de vivenda na cidade de A Coruña estará determinada principalmente pola evolución demográfica e os cambios na estrutura dos fogares. Aínda que o crecemento da poboación será moderado, segundo os distintos escenarios que manexa o *Estudo Estatístico Global do Parque Inmobiliario da Cidade da Coruña e das demandas en materia de vivenda*, o factor máis decisivo será a redución progresiva do tamaño medio dos fogares. Esta tendencia, xa observada en décadas pasadas, maniféstase nun incremento sustentado de fogares unipersoais e monoparentais, alimentado polo avellentamento poboacional, a baixa fecundidade e a prolongación da convivencia interxeracional por motivos económicos.

A isto súmase a creación de novos fogares por parte de mozos que acceden, aínda que con dificultade, á emancipación. En A Coruña, apenas o 4,8% dos fogares están formados por persoas mozas emancipadas, o que evidencia un importante potencial de demanda latente, condicionada por factores como a precariedade laboral e o alto custo da vivenda. En consecuencia, o crecemento do número de fogares, mesmo sen grandes aumentos poboacionais, implicará unha necesidade engadida de vivenda adecuada, alcanzable e adaptada a unidades familiares máis pequenas. Esta dinámica estrutural reforza a urxencia de políticas públicas que promovan tanto a construción como a rehabilitación de vivenda, con especial atención ao aluguer asequible e á rexeneración urbana.

### Demanda de vivenda protexida

O Rexistro Único de Demandantes de Vivenda da Comunidade Autónoma de Galicia creado polo Decreto 1/2010, de 8 de xaneiro (DOG do 21 de xaneiro) rexistra a data 15.07.2025 para o municipio de A Coruña un total de 3.761 solicitudes

Este documento ha sido firmado por MARIA CALVO LLANO a las 12:58 del día 22/07/2025 y por MARIA CALVO LLANO a las 13:18 del día 22/07/2025. Mediante el código de verificación 0T2D4M6N2Z1O3V5A06ZZ puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web https://sede.coruna.gal/



*Cadro 4. Persoas Inscritas no Rexistro único de demandantes de vivenda de Galicia en data 8.07.2025*

| | **Promoción Pública** | | **Vivenda de Promoción Privada** | | |
|---|---|---|---|---|---|
| | Vivenda de Protección Oficial de | Vivenda de Núcleos Rurais e Cascos Históricos | de Réxime Especial | de Réxime Xeral | de Réxime Concertado |
| compra | 292 | 77 | 102 | 299 | 39 |
| alugueiro | 1.889 | 86 | 48 | 67 | 6 |
| alugueiro con opción de compra | 768 | 14 | 33 | 38 | 3 |
| **TOTAL** | | | | | **3.761** |

*Fte: Rexistro de demandantes do IGVS. Elaboración propia*

Posteriormente á hora de estimar o compromiso de acadar o 20% de vivenda dentro das políticas sociais desenvoltas pola administración, faise o cómputo cos datos mais desfavorables que serían non tendo en conta as vivendas protexidas na actualidade pero susceptibles de perder este réxime no tempo o que incrementaría notablemente os datos pasando de 907 vivendas que son as de titularidade pública a 1.561 vivendas públicas e protexidas neste momento ou incluso 6.622 vivendas se contamos coas cualificadas nos últimos 20 anos.

Na Comunidade autónoma ata este ano as vivenda protexidas de promoción pública mantiñan este réxime durante 50 anos (VPP) e as correspondentes a promoción privada (VPA) 30 anos. Desde a recente modificación no 2025 vía Lei de medidas fiscais, o Capítulo X introduce medidas en materia de vivenda e infraestruturas no réxime de protección de promoción pública que pasará a ser indefinida e permanente con independencia da data de súa calificación, para que estas vivendas sirvan sempre á finalidade para a que se promoven. Con todo, como o artigo 61, establece *que "as medidas extraordinarias e temporais en materia de vivendo previstas en esta sección serán aplicables ata o 29 de decembro de 2028"* e o motivo polo que á hora de establecer as previsións cara a 20 anos, non parece indicado incluír uns datos que corresponden a medidas temporais e extraordinarias.




# LOCALIZACIÓN E NÚMERO DE VIVENDAS DE XESTIÓN PÚBLICA

TERRES

xullo 2025

CONCELLO DE A CORUÑA

DECLARACIÓN DE ZONA DE MERCADO RESIDENCIAL TENSIONADO

localización, número e xestión de vivendas públicas a construir

Este documento ha sido firmado por MARIA CALVO LLANO a las 12:58 del día 22/07/2025 y por MARIA CALVO LLANO a las 13:18 del día 22/07/2025. Mediante el código de verificación 0T2D4M6N2Z1O3V5A06ZZ puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web https://sede.coruna.gal/

Este documento ha sido firmado por MARIA CALVO LLANO a las 12:58 del día 22/07/2025 y por MARIA CALVO LLANO a las 13:18 del día 22/07/2025. Mediante el código de verificación 0T2D4M6N2Z1O3V5A06ZZ puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web https://sede.coruna.gal/



## 2.4. O MERCADO DA VIVENDA

### Mercado de aluguer

O número de vivendas principais en aluguer ascende no ano 2021 a 24.679, un 24% do total de vivendas principais. No ano 2011 a porcentaxe de vivendas principais en aluguer era do 20%.

*Cadro 5. Vivendas familiares segundo réxime de tenza. 2011. 2021*

| A Coruña | 2011 | 2021 |
|---|---|---|
| Total vivendas familiares | 105.584 | 104.637 |
| En propiedade | 4.689 | 69.246 |
| En aluguer | 21.453 | 24.679 |
| Outra forma | 9.442 | 10.712 |

*Fte: Censo 2011. INE 2021 Datos de Censo en elaboración. Elaboración propia*

A renda media de aluguer para o municipio de A Coruña sitúase en 730,7€ para o ano 2025.

O Observatorio da Vivenda de Galicia, ofrece datos respecto ao prezo do aluguer que proveñen do rexistro de contratos de alugueiro e amosa un aumento do prezo medio do aluguer dende o ano 2014.

| 2014 | 2015 | 2016 | 2017 | 2018 | 2019 | 2020 | 2021 | 2022 | 2023 | 2024 | 2025 |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 403,4 | 414,4 | 426,1 | 447,2 | 477 | 502,2 | 530,2 | 533 | 576,2 | 622 | 679,6 | 730,7 |

Segundo se recolle na **Memoria Xustificativa para a Declaración das Zonas de Mercado Residencial Tensionadas do municipio de A Coruña** cos datos nese momento provisionais da renda media de aluguer mensual, no ano 2024 o esforzo financeiro das familias en réxime de aluguer situábase nun 32%, é dicir, a carga media do coste do aluguer no presuposto persoal ou da unidade de la unidade de convivencia, máis os gastos e subministracións básicos, superaba o trinta por cento dos ingresos medios ou da renda media dos fogares en 2 puntos porcentuais.

Este documento ha sido firmado por MARIA CALVO LLANO a las 12:58 del día 22/07/2025 y por MARIA CALVO LLANO a las 13:18 del día 22/07/2025. Mediante el código de verificación 0T2D4M6N2Z1O3V5A06ZZ puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web https://sede.coruna.gal/



## Prezo da vivenda en transaccións de compravenda

O custo do prezo da vivenda libre extraese dos datos do IGE aportados polo *Ministerio de Transportes y Mobilidad Sostenible* para os concellos de máis de 25.000 habitantes.

O dato para o **municipio de A Coruña** apórtase en €/m2.

*Cadro 6. Evolución do prezo de compra de vivenda no municipio de A Coruña*

| Ano de referencia | 2017 | 2018 | 2019 | 2020 | 2021 | 2022 | 2023 |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Prezo de compra de vivenda libre €/m2 | 1.558,7 | 1.571,1 | 1.658,3 | 1.743,8 | 1.832,4 | 1.865,1 | 2.012,1 |

*Fte: IGE/Ministerio*

## Efectos sociais do mercado da vivenda

Tal e como se recolle na Memoria que acompaña a solicitude de Declaración de ZRMT, con **carácter xeral para as persoas residentes en A Coruña** e cos **datos do prezo do aluguer do Atlas de Vivenda do MIVAU do ano 2022**, o esforzo financeiro que deben asumir os fogares para facer fronte a o gasto de aluguer e gastos xerais é dun 27% sobre o importe da súa renda neta mensual. Realizando a mesma hipótese co custo que representa o pago da hipoteca nos fogares do municipio, o esforzo financeiro dos fogares, supón o **28% da súa renda neta mensual**.

Tendo en conta os **datos que aporta o Observatorio de Vivenda de Galicia**, recollidos a través das fianzas de alugueres depositadas no IGVS e que reflicte un escenario mais recente dos **anos 2023 e 2024** (datos provisionais e avance de datos no momento de elaboración dese documento) e que se aproxima máis á realidade do mercado de aluguer no municipio de A Coruña, mostra un **esforzo financeiro dos fogares sobre a renda media neta** que manexa cada un, que **supera o 30%**, situándose por riba o establecido na lei 12/2023; 1 punto por riba no ano 2023 e 2 puntos por riba no ano 2024.

Tamén con datos a **escala do municipio**, e recorrendo ao prezo de aluguer de vivenda que aporta o Observatorio de Vivenda de Galicia, a Memoria conclúe que **o crecemento acumulado do prezo do aluguer supera en máis de 3 puntos o crecemento acumulado do IPC** para os cinco anos do período 2018-2022 no municipio de A Coruña; sendo 15,70 puntos superior.

Aínda recorrendo a uns datos máis conservadores, caso dos datos procedentes do Atlas de Vivenda do MIVAU ata 2022, en canto ao **prezo do aluguer**, o seu crecemento acumulado tamén **supera en máis**

Este documento ha sido firmado por MARIA CALVO LLANO a las 12:58 del día 22/07/2025 y por MARIA CALVO LLANO a las 13:18 del día 22/07/2025. Mediante el código de verificación 0T2D4M6N2Z1O3V5A06ZZ puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web https://sede.coruna.gal/



**de 3 puntos o crecemento acumulado do IPC** para os cinco anos do período 2018-2022 no municipio de A Coruña; neste caso resulta 5 puntos superior.

En canto ao suposto no que se analiza a porcentaxe de crecemento acumulado dos prezos de compra de vivenda libre nos últimos 5 anos (dende 2023) a aplicación dos prezos de compravenda facilitados polo IGE sitúan a diferenza do crecemento do prezo de compra de vivenda, 12,2 puntos por riba do crecemento do IPC no mesmo período; do que resulta que no que se refire aos **prezos de compra de vivenda libre**, o seu crecemento acumulado tamén **supera en máis de 3 puntos o crecemento acumulado do IPC** para os cinco anos do período 2019-2023 no municipio de A Coruña; resultando 9 puntos superior.

## 2.5. ESTADO DE EXECUCIÓN DO PXOM E PREVISIÓNS DE VIVENDA SOCIAL

Recóllese a continuación o cadro dos ámbitos de planeamento de desenvolvemento do Plan Xeral, con indicación do tipo uso ao que se destina o aproveitamento e a aclaración de se o ámbito ten iniciada a tramitación do seu planeamento ou a súa execución. O análise destes datos xunto co derivado da aplicación das medidas previstas neste Plan será é o que permite a Administración local a viabilidade do compromiso de acadar o 20 % dos fogares adicado a vivenda destinada a políticas sociais conforme ao que determina a Lei 12/2023, do 24 de maio, polo dereito á vivenda., concretamente na súa disposición transitoria segunda.

Incorporase tamén un cadro coa programación dos desenvolvementos de nova vivenda no marco das políticas sociais previstos tanto neste plan como nas previsións do PXOM.

A curto prazo 3 anos vista, e o tempo no que haberá que comprobar se persisten ou xa non, os datos que motivaron a Declaración de ZMRT; prográmanse actuacións de nova vivenda que no momento actual xa están en fases avanzadas. A medio prazo, 6 anos, un período de tempo necesario para desenvolver aquelas actuacións xa iniciadas pero aínda en fases mais iniciais e que requiren maior tempo para completar a súa execución. Medio-largo prazo, comprende 4 anos mais, nun horizonte de 10 anos desde o momento actual (ano 2035) e que suporía a metade do período completo de planificación. E dous períodos de 5 anos cada un, ata completar os 20 anos (anos 2040 e 2045), nos que será o Plan de vivenda municipal o que recolla estas previsións e estableza as propias do Plan municipal.

Este documento ha sido firmado por MARIA CALVO LLANO a las 12:58 del día 22/07/2025 y por MARIA CALVO LLANO a las 13:18 del día 22/07/2025. Mediante el código de verificación 0T2D4M6N2Z1O3V5A06ZZ puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web https://sede.coruna.gal/

| | ÁMBITO | DENOMINACIÓN | % USOS VPO | VPA | VPA | VPO | Inic/ Non I |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| SUELO URBANO NO CONSOLIDADO | PE Q14 | Parque Torre de Hércules | 8,93 | | | 1.577,62 | Non Inic. |
| | API O37 (API G13.01) | Residencia Universitaria | 100 | | | 18.450,00 | Non Inic. |
| | API S35 (POL-RB1/2/3/4/5/6/7/8/9) | Ría del Burgo | 20 | | | 18.512,74 | **Inic** |
| | API S37 (APR I13.02) | Avda. del Pasaje | 11 | | | 2.238,56 | **Inic** |
| | PE M18 | Labañou | 40 | | | 20.000,00 | **Inic** |
| | PE N31 | Lugar de Marzán | 40 | | | 2.722,14 | Non Inic. |
| | PE P37 | Ampliación Campus Elviña y Zapateira | 40 | | | 7.200,00 | Non Inic. |
| | PE S38 | Calle Santa Gema | 40 | | | 7.212,09 | Non Inic. |
| | POL L20 | Los Fuertes | 40 | | | 8.136,00 | Non Inic. |
| | POL M22 | Parque del Agra | 40 | | | 15.734 | **Inic** |
| | POL M26 | Lugar da Silva | 40 | | | 13.745,06 | Non Inic. |
| | POL N31.1 | Agra de San Cristobal | 40 | | | 4.436,09 | Non Inic. |
| | POL N33.1 | Lugar del Birloque I | 40 | | | 15.819,22 | Non Inic. |
| | POL N33.2 | Lugar del Birloque II | 40 | | | 3.515,70 | Non Inic. |
| | POL N34.1 | Lugar del Birloque III | 40 | | | 5.373,49 | Non Inic. |
| | POL N34.2 | Lugar del Birloque IV | 40 | | | 3.293,30 | Non Inic. |
| | POL N34.3 | Lugar del Birloque V | 40 | | | 4.251,95 | Non Inic. |
| | POL O29 | La Sardiñeira | 40 | | | 4.546,33 | **Inic** |
| | POL O30.2 | Avda. Joaquín Planells Riera | 40 | | | 5.450,18 | **Inic** |
| | POL O34 | Lugar Someso I | 40 | | | 1.555,41 | Non Inic. |
| | POL P25 | Calle Fuente Seca del Monte | 40 | | | 994,29 | Non Inic. |
| | POL Q28.1 | Camino del Montiño / Fundación Juana de Vega | 40 | | | 1.372,34 | **Inic** |
| | POL Q28.2 | Calle Montes | 40 | | | 810,35 | Non Inic. |
| | POL Q32 | Calle Fray Pedro Rayo Piñeiro | 40 | | | 1.199,72 | Non Inic. |
| | POL R28.1 | Antonio Ríos II | 40 | | | 831,20 | Non Inic. |
| | POL R28.2 | Avenida General Sanjurjo | 40 | | | 742,35 | Non Inic. |

Este documento ha sido firmado por MARIA CALVO LLANO a las 12:58 del día 22/07/2025 y por MARIA CALVO LLANO a las 13:18 del día 22/07/2025. Mediante el código de verificación 0T2D4M6N2Z1O3V5A06ZZ puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web https://sede.coruna.gal/

| | ÁMBITO | DENOMINACIÓN | % USOS VPO | % USOS VPA | VPA | VPO | Inic/ Non I |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | POL R28.3 | Calle de la Merced | 40 | | | 711,14 | Non Inic. |
| | POL R29 | Miramar Castrillón | 40 | | | 531,10 | Non Inic. |
| | POL R34 | Avenida de Monserrat | 40 | | | 8.443,93 | Non Inic. |
| | POL S32.1 | Camino Capilla | 40 | | | 3.553,03 | Non Inic. |
| | POL S38.2 | Río de Quintas / Sta. Gema 2 | 40 | | | 1.246,94 | Non Inic. |
| | PET R26 | Puerto Zona 2 | 50 | | | 172.290,50 | **Inic** |
| SUELO URBANIZABLE | **SUD1** | O Portiño | 62,72 | 2,50 | 8.202,65 | 205.784,08 | **Inic** |
| | **SUD2** | Penamoa | 62,72 | 2,50 | 13.140,67 | 329.666,77 | **Inic** |
| | **SUD3** | Martinete | 62,72 | 2,50 | 1.753,57 | 43.992,76 | Non Inic. |
| | **SUD4** | Monte Mero | 62,72 | 2,50 | 10.645,51 | 267.069,30 | Non Inic. |
| | **SUD5** | Ciudad de la Tecnología y Parque Alto | 0 | 2,50 | 0,00 | 0 | **Inic** |
| | **SUD6** | Monte Alfeirán | 30,00 | 2,50 | 1.876,46 | 22.517,56 | **Inic** |
| | **SUD7** | Zapateira I | 0 | 2,50 | 1.089,79 | 0 | **Inic** |
| | **SUD8** | As Rañas | 0 | 2,50 | 473,91 | 0 | Non Inic. |
| | **SUD9** | Zapateira II | 0 | 2,50 | 567,61 | 0 | Non Inic. |
| | **SUD10** | Zapateira III | 0 | 2,50 | 568,38 | 0 | Non Inic. |
| | **SUD 11** | Zapateira IV | 0 | 2,50 | 255,43 | 0 | Non Inic. |
| | **SURT 1** | San Pedro de Visma | 26,00 | | | 103.624,30 | **Inic** |
| | **SURT 2** | Parque Ofimático | 50 | | | 143.367,38 | Fin |
| | **TOTAL SUD + SURT** | | **0,49** | | **38.573,98** | **1.116.022,14** | |
| | | | | | | | |
| | **TOTAL SUNC y SUD** (sin PET PUERTO) | | **0,40** | | * | **1.320.364,90** | |
| | | | | | | | |
| | **TOTAL SUNC y SUD** (con PET PUERTO) | | **0,41** | | * | **1.492.655,40** | |

| PROMOTOR | LOCALIZACIÓN NO MUNICIPIO | VIVENDAS | MEDIDA Nº | CESIÓN DE SUPERF. | RÉXIME | PRAZO (nº de anos) | | | | | | FASES | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Administracion/prom.privada | ámbito de solo | nº | | | outros | 0 | 3 | 6 | 10 | 15 | 20 | planeamento | urbanización | cesión de solo | proxecto | licenza | obra licit. | execución |
| **Todas as adminsitracións** | | | | | | | | | | | | | | | | | | |
| | **Vivenda pública existente** | **907** | | | | **907** | | | | | | | | | | | | |
| **Concello de A Coruña** | | | | | | | | | | | | | | | | | | |
| | Parcela Z-37 Xuxán | **50** | **4** | | vivenda pública aluguer | | | | | | | | | | | | | |
| | Marques de Pontejos | **5** | **4** | | vivenda pública aluguer | | | | | | | | | | | | | |
| | Parcela Z-22 Xuxán | **104** | **2** | | aluguer regulado | | | | | | | | | | | | | |
| | Parcela Z-26 Xuxán | **36** | **2** | | aluguer regulado | | | | | | | | | | | | | |
| | Parcela Z-36 Xuxán | **35** | **2** | | aluguer regulado | | | | | | | | | | | | | |
| | Parcela Z-41 Xuxán | 120 | 5 | mp pxom | vivenda pública aluguer | | | | | | | | | | | | | |
| | Parcelas municipais en Visma | 250 | 2 | | aluguer regulado | | | | | | | | | | | | | |
| **Xunta de Galicia** | | | | | | | | | | | | | | | | | | |
| | Parcela Z-13 Xuxán | **40** | **4** | en exec | vivenda pública aluguer | | | | | | | | | | | | | |
| | Parcela Z-38 Xuxán | **50** | **4** | en exec | vivenda pública aluguer | | | | | | | | | | | | | |
| | Parcela Z-06 Xuxán | **14** | **4** | en exec | vivenda pública aluguer | | | | | | | | | | | | | |
| | Rúa San Andrés 88 | **4** | **4** | en exec | vivenda pública aluguer | | | | | | | | | | | | | |
| | Rúa Santa María 6 | **3** | **4** | proy | vivenda pública aluguer | | | | | | | | | | | | | |
| | Parcela Z-07 Xuxán | **14** | **4** | | aluguer regulado | | | | | | | | | | | | | |
| | Parcela Z-27 Xuxán | **90** | **4** | | aluguer regulado | | | | | | | | | | | | | |
| | Parcela Z-35 Xuxán | **60** | **4** | | aluguer regulado | | | | | | | | | | | | | |
| | Parcela Z-40 Xuxán | **60** | **4** | | aluguer regulado | | | | | | | | | | | | | |
| | Parcela Z-44 Xuxán | 260 | 4 | mp pxom | vivenda social s/Lei 12/2023 | | | | | | | | | | | | | |
| | Parcela Z-46 Xuxán | 260 | 4 | mp pxom | vivenda social s/Lei 12/2023 | | | | | | | | | | | | | |
| | (*parcelas cedidas polo Concello A Coruña) | | | | | | | | | | | | | | | | | |
| | *Praza Porticada | **11** | **3** | proy | vivenda pública aluguer | | | | | | | | | | | | | |
| | *Lugar de Pedro Fernández | **30** | **3** | proy | vivenda pública aluguer | | | | | | | | | | | | | |
| | *Os Rosais | **58** | **3** | proy | vivenda pública aluguer | | | | | | | | | | | | | |
| **Xunta e outros** | | | | | | | | | | | | | | | | | | |
| | | 4.300 | | | | | | | | | | | | | | | | |
| | Monte Mero (PIA) | 3.440 | 4 | 20libre/20protx/20 aluguer | | | | | | | | | | | | | | |
| **Empresa Estatal de Vivenda** | | | | | | | | | | | | | | | | | | |
| | Rúa Adelaida Muro | **11** | 4 | | | | | | | | | | | | | | | |
| **Promoción pivada** | | | | | | | | | | | | | | | | | | |
| | San Pedro de Visma | 900 | 4 | | vpo ou similar | | | | | | | | | | | | | |
| | As Percebeiras | 180 | 4 | | vpo ou vivienda social | | | | | | | | | | | | | |
| | Parque de Oza | 110 | 4 | | vpo ou vivienda social | | | | | | | | | | | | | |
| | Someso | 200 | 4 | | vpo ou vivienda social | | | | | | | | | | | | | |
| | | | | | | | | | | | | | | | | | | |
| **Varios** | | 7.001 | 4 | | vivenda social s/Lei 12/2023 | | | | | | | | | | | | | |
| iniciados | API Ría de O Burgo | 206 | | | | | | | | | | | | | | | | |
| | API Avda del Pasaje | 25 | | | | | | | | | | | | | | | | |
| | POL Parque del Agra | 175 | | | | | | | | | | | | | | | | |
| | POL La Sardiñeira | 51 | | | | | | | | | | | | | | | | |
| | POL Joaquin Planells | 61 | | | | | | | | | | | | | | | | |
| | POL Fundac.Juana de Vega | 15 | | | | | | | | | | | | | | | | |
| | SUD 1 O Portiño | 2.378 | | | | | | | | | | | | | | | | |
| | SUD 2 Penamoa | 3.809 | | | | | | | | | | | | | | | | |
| | SUD 6 Monte Alfeirán | 271 | | | | | | | | | | | | | | | | |
| | SUD 7 Zapateira 1 | 12 | | | | | | | | | | | | | | | | |
| **Varios** | | | | | | | | | | | | | | | | | | |
| | Mobilizacion de baleiras | 7.600 | 5/9/11/13 | | vivenda social s/Lei 12/2023 | | | | | | | | | | | | | |
| **Varios (remanente)** | | | | | | | | | | | | | | | | | | |
| non iniciados | SUNC PE | 635 | | | | | | | | | | | | | | | | |
| | SUNC POL | 866 | | | | | | | | | | | | | | | | |
| | PET R26 Puerto | 1.914 | | | | | | | | | | | | | | | | |
| | SUD | 529 | | | | | | | | | | | | | | | | |
| | | | | | | | | | | | | | | | | | | |
| | **total vivendas polit.sociais a 20 anos** | **21.833** | | | | | | | | | | | | | | | | |
| | total vivenda social según o prazo | | | | | 907 | 675 | 890 | 4.650 | 7.111 | 7.600 | | | | | | | |
| | total vivienda social acumulada | | | | | **907** | **1.582** | 2.472 | 7.122 | 14.233 | **21.833** | | | | | | | |
| | | | | | | **2025** | **2028** | **2031** | **2035** | **2040** | **2045** | | | | | | | |
| | 20% nº fogares s/Padrón 2025 | 21.655 | | | | | | | | | | | | | | | | |




Este documento ha sido firmado por MARIA CALVO LLANO a las 12:58 del día 22/07/2025 y por MARIA CALVO LLANO a las 13:18 del día 22/07/2025. Mediante el código de verificación 0T2D4M6N2Z1O3V5A06ZZ puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web https://sede.coruna.gal/

Este documento ha sido firmado por MARIA CALVO LLANO a las 12:58 del día 22/07/2025 y por MARIA CALVO LLANO a las 13:18 del día 22/07/2025. Mediante el código de verificación 0T2D4M6N2Z1O3V5A06ZZ puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web https://sede.coruna.gal/



# 3. PLAN DE ACCIÓN

## 3.1. FINALIDADE E OBXECTIVO DO PLAN

Dado que na actualidade non existe un parque de vivenda asequible con dimensión e estabilidade suficientes que poida dar resposta ás necesidades da poboación, é o motivo polo que esta Lei incorpora como medida de "choque" e coa finalidade de actuar no mercado de maneira provisional e temporal, en tanto non se despregan con plenitude os mecanismos de fomento de vivenda asequible e sabendo que eses mecanismos non son inmediatos e precisan tempo para desenvolverse e consolidarse. Nesta lóxica concíbese o instrumento da declaración de ZMRT, cuxo efecto máis coñecido (aínda, que non o único), é a posibilidade de limitar o prezo da renda nos novos contratos de arrendamento de vivenda que se celebren nesas zonas.

Polo tanto, é **FINALIDADE,** deste Plan de medidas, facilitar o aumento do grao de desenvolvemento do sistema residencial público no municipio, nas diferentes tipoloxías e réximes posibles (vivenda pública, vivenda pública en aluguer, vivendas de aluguer regulado...), así como doutros tipos de vivendas sociais aos efectos de incorporar os tipos de vivenda previstos pola a Lei 12/2023, e que define como vivendas sociais**;** incluíndo vivendas en arrendamento protexido e vivendas dotacionais públicas, ou aquelas que, sendo protexidas, se axustan ás previsións da Lei.

E o conxunto das medidas propostas teñen por **OXECTIVO** reverter a situación actual do Mercado Residencial Tensionado no municipio, de cara a permitir que nos próximos anos a vivenda a un prezo asequible sexa unha realidade no municipio de A Coruña, non supoñendo o seu custe mais do 30% dos ingresos das persoas que residen no municipio.

## 3.2. ESTRATEXIA DO PLAN

O conxunto de medidas correctoras incluídas neste Plan son deseñadas para facilitar o acceso a unha vivenda digna e asequible por parte de toda a cidadanía e foi elaborado no marco dos traballos preparatorios da Declaración de Zona como de Mercado Residencial Tensionado, sobre a base dos traballos que se están a desenvolver desde a Concellería de Urbanismo e recollendo e incorporando, na medida que están aliñadas có obxectivo deste plan, as suxerencias aportadas polos representantes da Mesa sectorial de vivenda en diferentes momentos da tramitación.

Como primeiro paso, unha vez identificada e admitida a existencia do problema que é, precisamente, o que implica a declaración de zonas tensionadas; isto leva aparellado unha serie de medidas de

Este documento ha sido firmado por MARIA CALVO LLANO a las 12:58 del día 22/07/2025 y por MARIA CALVO LLANO a las 13:18 del día 22/07/2025. Mediante el código de verificación 0T2D4M6N2Z1O3V5A06ZZ puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web https://sede.coruna.gal/



control de prezos do aluguer; ampliación dos contratos con prórrogas extraordinarias que ofrecen maior estabilidade aos inquilinos e o que é clave para superar esta situación: plans trianuais de medidas correctoras orientadas a incrementar a oferta de vivenda, baseados na colaboración institucional. Este plan especifico prevé outras medidas en materia de vivenda, administración autonómica e estatal como son unha fiscalidade que aplica con especial intensidade os incentivos para os propietarios que sacan os seus pisos ao aluguer residencial, limitación de pisos turísticos; e medidas especiais de acceso a programas públicos deseñados *Ad-Hoc*.

O **éxito deste plan** e por ende, **poder reverter a situación diagnosticada**, susténtase sobre a base da viabilidade real das medidas propostas, a identificación acertada dos recursos dispoñibles e o recoñecemento da necesariedade de establecer acordos entre as distintas partes que inciden en materia de vivenda, tanto administracións como axentes implicados.

Á hora de elaborar o Plan de medidas necesarias para a corrección dos desequilibrios evidenciados en materia de vivenda nun contexto municipal, compre ter claro que no desenvolvemento das políticas públicas de vivenda, resulta imprescindible a **necesidade de coordinación e colaboración interinstitucional**; dado que no sistema residencial existe unha concorrencia competencial, na que no seu desenvolvemento concorren cuestións recollidas na normativa estatal, autonómica e local.

Como consecuencia da antedita concorrencia competencial e da colaboración interinstitucional que corresponde; as medidas propostas e recollidas neste plan, alíñanse coas políticas que están a desenvolver as tres administracións (Estado, Comunidade autónoma e Concello), tentando coordinar esforzos e competencias, á vez que procurando a complementariedade entre si.

Neste senso compre ter presente que **no momento actual tanto o Estado como a Comunidade autónoma teñen esgotados os plans e pactos de vivenda con finalización neste ano 2025**, así como a reformulación que están levando a cabo ambas administracións coa creación das novas empresas públicas de vivenda, estatal e autonómica. Este feito limita neste momento á Administracións local de cara a ter certeza sobre os orzamentos e programas cos que debería alinear ás súas propostas así como saber con que recursos económicos procedentes da administración estatal e autonómica vai a contar . Polo que as medidas propostas teñen certo grado de estimación que ao longo dos tres anos deberán ir reaxustándose na medida que se concretan os recursos dispoñibles.

Este documento ha sido firmado por MARIA CALVO LLANO a las 12:58 del día 22/07/2025 y por MARIA CALVO LLANO a las 13:18 del día 22/07/2025. Mediante el código de verificación 0T2D4M6N2Z1O3V5A06ZZ puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web https://sede.coruna.gal/

| OBXECTIVO | OBXECTIVOS ESPECÍFICOS | | PROGRAMAS | | MEDIDAS CORRECTORAS | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Reverter a situación actual do Mercado Residencial Tensionado, de cara a permitir que nos próximos anos a vivenda a un prezo asequible sexa unha realidade no municipio de A Coruña, non supoñendo o seu custe mais do 30% dos ingresos das persoas que residen no municipio. | **OE 1** | Impulso da promoción de vivenda protexida e aumento da oferta de vivenda a un prezo asequible co fin de mellorar a situación de acceso á vivenda a un custe asequible; xa que no momento presente supón un esforzo excesivo, especialmente, para a poboación mais xove, maiores e aquelas persoas con menores recursos económicos | BLOQUE 1 | PROMOCIÓN DE VIVENDA PÚBLICA E PROTEXIDA | 1.NOVAS FORMAS RESIDENCIAIS EN SOLO DOTACIONAL | 2. PARCELAS MUNICIPAIS EN CESIÓN DE USO | 3.CESIÓN DE SOLOS MUNICIPAIS A OUTRAS ADMINISTRACIÓNS | 4. XESTIÓN DE SOLOS PARA VVDA.PROTEXIDA E PUBLICA | 5.RENOVACIÓN E INCREMENTO DO PARQUE PUB.MPAL. VIVENDA (EMVSA) |
| | **OE 2** | Mellora os sistemas de xestión e coordinación institucional entre as diversas administracións e axentes implicados, así como da colaboración público-privada, para lograr o desenvolvemento dunha política social e de vivenda mais eficaz e unha mellor xestión dos recursos dispoñibles. | BLOQUE 2 | REGULACIÓN E ACTUACIÓNS NO PARQUE EDIFICADO | 6. ORDENANZA MPAL.VIVENDAS USO TURÍSTICO VUT | 7.ORDENANZA MPAL. PROCED.CONTROL OBRAS | 8.PLAN MPAL. RECUPERACIÓN DE RUINAS E PROGRMA REXURBE (IGVS) | 9.MOBILIZACIÓN DA VVDA BALEIRA CO BANCO MPAL.VVDA (EMVUSA) | 10.TRASLADO ACTIV.TERCIARIAS P. ALTAS E BAIXOS PARA VVDA.NOVA |
| | **OE 3** | Fomentar a mellora do parque de vivendas existentes en A Coruña, mediante o impulso da rehabilitación, así como o fomento da accesibilidade e da eficiencia enerxética, co fin de mellorar a calidade, sustentabilidade e a adecuación das vivendas ás necesidades da poboación. | BLOQUE 3 | SISTEMAS DE PRESTACIÓNS E AXUDAS | 11.AXUDAS MPAL. REHABILITACIÓN E ACCESIBILIDADE | 12.AXUDAS PLAN ESTATAL (ERRPs-ARIs) | 13. OUTRAS AXUDAS PARA MOBILIZAR VVDA.BALEIRA | 14. BANCO PUB. DE ALUGUER MUNICIPAL (EMVSA) | |
| | **OE 4** | Tratar de lograr que a cidadanía poida dispoñer de información mais detallada e acaída ás súas necesidades no ámbito da vivenda, desde un enfoque mais integral, que acompañe ás persoas no proceso de aluguer, xestións das axudas e subvencións, incentivos, etc. | BLOQUE 4 | SISTEMA DE GOBERNANZA E COLABORACIÓN INTERADMINISTRATIVA | 15.MESA DA VIVENDA E ACORDOS CON AXENTES | 16.EFECTOS DA DECLARACIÓN ZMRT | 17.ACORDO DE COLAB. CONCELLO-EMVSA | 18.NOVOS RETOS E AMBITOS DE MELLORA | |

| ADMINISTRACIÓN COMPETENTE | |
|---|---|
| Colaboración interadministrativa | |
| (Estatal, Autonómica, Local) | |
| Administración local- EMVSA | |

Este documento ha sido firmado por MARIA CALVO LLANO a las 12:58 del día 22/07/2025 y por MARIA CALVO LLANO a las 13:18 del día 22/07/2025. Mediante el código de verificación 0T2D4M6N2Z1O3V5A06ZZ puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web https://sede.coruna.gal/



## 3.3. PROGRAMA DE MEDIDAS CORRECTORAS

Este plan constitúe pois, un conxunto de medidas organizadas en catro bloques que responden a distintos obxectivos específicos, e que no seu conxunto se identificaron inicialmente como as máis adecuadas á realidade local, con base no diagnóstico realizado.

BLOQUE I. PROMOCIÓN DE VIVENDA PÚBLICA E PROTEXIDA

BLOQUE II. REGULACIÓN E ACTUACIÓNS NO PARQUE EDIFICADO

BLOQUE III. SISTEMA DE PRESTACIÓNS E AXUDAS.

BLOQUE IV. SISTEMA DE GOBERNANZA E COLABORACIÓN INTERADMINISTRATIVA

Así os OBXECTIVOS ESPECÍFICOS (OE) aos que responden estas medidas son os que seguen:

OE1 Impulsar a promoción de vivenda protexida e o aumento da oferta de vivenda a un prezo asequible co fin de mellorar a situación de acceso á vivenda a un custe asequible; xa que no momento presente supón un esforzo excesivo, especialmente, para a poboación mais xove, maiores e aquelas persoas con menores recursos económicos.

Para acadar este obxectivo propóñense as medidas incluídas no BLOQUE I. PROMOCIÓN DE VIVENDA PÚBLICA E PROTEXIDA

OE2 Mellora os sistemas de xestión e coordinación institucional entre as diversas administracións e axentes implicados, así como da colaboración público-privada, para lograr o desenvolvemento dunha política social e de vivenda mais eficaz e unha mellor xestión dos recursos dispoñibles.

Para acadar este obxectivo propóñense as medidas incluídas no BLOQUE II. REGULACIÓN E ACTUACIÓNS NO PARQUE EDIFICADO

OE3 Fomentar a mellora do parque de vivendas existentes en A Coruña, mediante o impulso da rehabilitación, así como o fomento da accesibilidade e da eficiencia enerxética, co fin de mellorar a calidade, sustentabilidade e a adecuación das vivendas ás necesidades da poboación.

Para acadar este obxectivo propóñense as medidas incluídas no BLOQUE III. SISTEMA DE PRESTACIÓNS E AXUDAS.

OE4 Tratar de lograr que a cidadanía poida dispoñer de información mais detallada e acaída ás súas necesidades no ámbito da vivenda, desde un enfoque mais integral, que acompañe ás persoas no proceso de aluguer, xestións das axudas e subvencións, incentivos, etc.

Para acadar este obxectivo propóñense as medidas incluídas no BLOQUE IV. SISTEMA DE GOBERNANZA E COLABORACIÓN INTERADMINISTRATIVA

Este documento ha sido firmado por MARIA CALVO LLANO a las 12:58 del día 22/07/2025 y por MARIA CALVO LLANO a las 13:18 del día 22/07/2025. Mediante el código de verificación 0T2D4M6N2Z1O3V5A06ZZ puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web https://sede.coruna.gal/



Dentro de cada un dos catro bloques temáticos despréganse un conxunto de medidas a curto prazo, programadas ata 2028 (tres anos), período de vixencia establecido na nova lei estatal de vivenda para a declaración de zonas de mercado residencial tensionado.

Este plan ademais incorpora no apartado anterior 2.5 (px.17) as previsións de nova vivenda pública e protexida a medio prazo, outros tres anos (2031) e longo prazo (2035-2040-2045), tendo en conta o nivel de execución do PXOM, de cara a ter presente o escenario que deberían seguir as actuacións en materia de vivenda nos próximos anos. Tamén de cara a facilitar a toma de decisións no curto prazo e que sen dúbida repercutirán no desenvolvemento a máis longo prazo. Esta visón a máis longo prazo, facilitará a procura de acordos e pactos para lograr a estabilidade e sustentabilidade das medidas propostas e o deseño doutras novas, que permitan incidir nunha maior eficacia e impacto.

Cada unha das medidas propostas identifica e establece:

- **Entidades responsables ou partícipes**
- **Contexto**
- **Descrición**
- **Obxectivos**
- **Accións**
- **Resultados/Indicadores**

Entre as medidas propostas e como resultado da colaboración entre o concello de A Coruña e a Empresa de Vivenda, Servizos e Actividades (EMVSA); a encomenda de xestión do parque de vivenda municipal a EMVUSA, materialízase nunha medida de carácter transversal que se desprega en cada un dos catro bloques de medidas conlevando ademais do propio Acordo de colaboración (BLOQUE 4/ 17.)

- Unha renovación e incremento do parque público municipal de vivenda (BLOQUE 1/5.)
- A mobilización de vivenda baleira a través da Bolsa municipal de vivenda (BLOQUE 2/9.)
- O impulso do Banco público de aluguer cun servizo de *ventanilla única* (BLOQUE 3/14.)

Este documento ha sido firmado por MARIA CALVO LLANO a las 12:58 del día 22/07/2025 y por MARIA CALVO LLANO a las 13:18 del día 22/07/2025. Mediante el código de verificación 0T2D4M6N2Z1O3V5A06ZZ puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web https://sede.coruna.gal/



PROGRAMAS E MEDIDAS CORRECTORAS

## BLOQUE I. PROMOCIÓN DE VIVENDA PÚBLICA E PROTEXIDA

1. Estudo de novas formas residenciais en solo dotacional.
2. Parcelas municipais en cesión de uso
3. Cesión de solos municipais a outras administracións para vivenda de alugueiro asequible
4. Xestión de ámbitos de iniciativa pública e privada para a obtención de solos para vivenda protexida no municipio.
5. Renovación e incremento do parque público municipal de vivenda (EMVSA)

## BLOQUE II. REGULACIÓN E ACTUACIÓNS NO PARQUE EDIFICADO

6. Ordenanza municipal reguladora das vivendas de uso turístico (VUT)
7. Ordenanza reguladora dos procedementos para a intervención e control na execución de obras
8. Impulso ao Plan municipal de Recuperación de Ruínas e Programa Rexurbe (IGVS, Xunta)
9. Mobilización de vivenda baleira a través da bolsa municipal de vivenda (EMVSA)
10. Fomento do traslado e mobilización de actividades de plantas altas e baixos nos edificios existentes cara á creación de novas vivendas

## BLOQUE III. SISTEMA DE PRESTACIÓNS E AXUDAS

11. Axudas municipais de rehabilitación e accesibilidade (vivenda baleira e aluguer asequible)
12. Programas de axuda en materia de rehabilitación residencial e vivenda social do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia (Entornos Residenciais de Rehabilitación Programada, ERRPs, e Áreas de Rehabilitación Integral, ARIs).
13. Outras axudas para mobilizar vivenda baleira
14. Impulso do Banco público de aluguer municipal a través de EMVSA

## BLOQUE IV. SISTEMA DE GOBERNANZA E COLABORACIÓN INTERADMINISTRATIVA

15. Mesa da vivenda e acordos con axentes
16. Efectos da Declaración ZMRT
17. Acordo de colaboración entre o Concello de A Coruña e EMVSA (medidas 5, 9, 14)
18. Novos retos e ámbitos de mellora.

Este documento ha sido firmado por MARIA CALVO LLANO a las 12:58 del día 22/07/2025 y por MARIA CALVO LLANO a las 13:18 del día 22/07/2025. Mediante el código de verificación 0T2D4M6N2Z1O3V5A06ZZ puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web https://sede.coruna.gal/



## BLOQUE I. PROMOCIÓN DE VIVENDA PÚBLICA E PROTEXIDA

En España a vivenda social supón un 3,3% do parque de vivenda total do país, cando a media europea é dun 8% e hai 1,3 vivendas sociais por cada 100 habitantes, cando a media europea é de 3,2 vivendas sociais por cada 100 habitantes. A nosa cidade está moi por debaixo de ambas cifras. Para lograr equipararnos coa media española é preciso un total de 3.250 vivendas públicas ou protexidas, no caso da media europea necesitaríamos un total de 8.000 vivendas públicas ou protexidas na cidade.

| OE1 | | OBXECTIVOS ESPECIFICOS |
|---|---|---|
| O impulso da promoción de vivenda protexida e aumento da oferta de vivenda a un prezo asequible co fin de mellorar a situación de acceso á vivenda a un custe asequible; xa que no momento presente supón un esforzo excesivo, especialmente, para a poboación mais xove, maiores e aquelas persoas con menores recursos económicos | OE1.1.1 | Impulso de solucións de vivenda a prezo asequible e alternativas ás vivenda protexidas |
| | OE1.1.2 | Desenvolvemento da promoción de aloxamentos dotacionais para solucións de vivenda interxeracional e pisos compartidos para mocidade, maiores e outros. |
| | OE1.1.3 | Produción de novas fórmulas residenciais para dar resposta a unha demanda residencial cada vez máis diversificada, como é o caso das vivendas colaborativas e outras fórmulas alternativas |
| | OE1.2.1 | Fomento de cesión de solo a cooperativas e promotores relacionados co terceiro sector |
| | OE1.2.2 | Impulso de solucións de vivenda en cesión de uso e cooperativas como alternativa de vivenda a prezo asequible á vivenda protexida. |
| | OE1.2.3 | Vinculación da cesión de solo as solucións de vivenda a prezo asequible e vivenda social das contempladas na Lei 12/2023 do dereito á vivenda e na Lei de vivenda de Galicia. |
| | OE1.2.4 | Melloras nas condicións dos Pregos de licitacións para estas cesións de solo en colaboración coas entidades interesadas nesta fórmula. |
| | OE1.3.1 | Establecer no Plan de vivenda municipal, que redactará EMVSA, os solos previstos polo Concello e os mecanismos de control efectivo para o cumprimento dos acordos acadados entre administracións. |
| | OE1.3.2 | O mantemento do réxime de protección da vivenda permanente nas novas vivendas. |
| | OE1.3.3 | Aumento o número de vivendas públicas e protexidas |
| | OE1.4.1 | Incremento das reservas de solo para vivenda pública e de protección |
| | OE1.5.1 | A mellora da xestión do parque municipal de vivendas públicas |
| | OE1.5.2 | O aumento do número de inmobles que forman parte do parque de vivenda pública municipal |
| | OE1.5.3 | A constitución dun Banco municipal de vivendas destinadas ao aluguer social |
| | OE1.6.1 | Maior seguridade xurídica e control de edificación e usos do solo |
| | OE1.6.2 | Evitar os efectos negativos que os cambios de uso das vivendas de uso residencial a vivendas de uso turístico producen no acceso á vivenda |
| | OE1.6.3 | Acomodar este uso en expansión coas previsións do planeamento municipal e establecer o procedemento e control da actividade |
| | OE1.7.1 | A adaptación ao establecido na vixente lexislación urbanística e de actividades e normativa en desenvolvemento da mesma |
| | OE1.7.2 | Implantar dinámicas que permitan axilizar os trámites administrativos |

Este documento ha sido firmado por MARIA CALVO LLANO a las 12:58 del día 22/07/2025 y por MARIA CALVO LLANO a las 13:18 del día 22/07/2025. Mediante el código de verificación 0T2D4M6N2Z1O3V5A06ZZ puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web https://sede.coruna.gal/



## 1. Estudo de novas formulas residenciais en solo dotacional

### - Entidades responsables ou partícipes

- Concello A Coruña
- Entidades do 3º sector
- Outras Administracións

### - Contexto

Nestes momentos o Concello de A Coruña, desde a Concellería de Urbanismo, está traballando na procura de novas fórmulas de acceso á vivenda que trascenden as tradicionais baseadas na compra-venda e aluguer de vivenda. Estas novas fórmulas baséanse na cooperación con persoas e colectivos do terceiro sector de cara a intentar superar as barreiras asociadas á falta de vivenda atinxible no mercado libre.

Amparada na lei estatal do dereito á vivenda, os aloxamentos dotacionais constitúen unha valiosa fórmula para pór no mercado solucións habitacionais a prezos acaídos para segmentos da poboación con menores recursos ou mais dificultades.

Esta medida entronca coa Lei estatal do dereito á vivenda e cos réximes de vivenda que establece concretamente los referido a g) vivenda asequible incentivada e h)parque de vivenda e aloxamento do 3º sector.

### - Descrición

Esta medida busca potenciar as características da vivenda como un ben social en vez de como un ben de investimento, así como o impacto positivo que supoñen os proxectos comunitarios fronte á crecente problemática de illamento individual e perdida de redes de apoio, especialmente non caso dous sectores das persoas mais vulnerables. Entre estas novas fórmulas pódense citar, sen que serva de exclusión de outras :

- as vivendas colaborativas, nova tipoloxía de vivenda que se implanta nun edificio destinado a ser ocupado ou habitado por un grupo de persoas que, sen constituír núcleo familiar, compartan servicios e se sometan a un réxime común. As vivendas colaborativas enmárcanse no modelo de vida en común coñecido como “cohousing” e identifícanse coas promovidas por asociacións sen ánimo de lucro, cooperativas ou sociedades que ceden en uso as vivendas aos seus socios o cooperativistas. Os obxectivos comunitarios que se buscan, á hora de desenvolver en este tipo de vivendas, solen estar relacionados coa emancipación de persoas xóvenes, o envellecemento activo ou a revitalización de barrios.
- as vivendas compartidas, entendidas como aquelas nas que dous ou mais persoas comparten unha vivenda por habitacións, dentro dun programa orientado a favorecer a emancipación de persoas xóvenes, a recuperación da vida social das persoas maiores ou ambas á vez. Por elo, as vivendas compartidas puiden darse:
  - entre persoas xóvenes ou persoas maiores
  - entre persoas xóvenes u maiores (vivendas interxeneracional)

### - Obxectivos

- Impulso de solucións de vivenda a prezo asequible e alternativas ás vivenda protexidas
- Desenvolvemento da promoción de aloxamentos dotacionais para solucións de vivenda interxeracional e pisos compartidos para mocidade, maiores e outros.
- Produción de novas fórmulas residenciais para dar resposta a unha demanda residencial cada vez máis diversificada, como é o caso das vivendas colaborativas e outras fórmulas alternativas.

Este documento ha sido firmado por MARIA CALVO LLANO a las 12:58 del día 22/07/2025 y por MARIA CALVO LLANO a las 13:18 del día 22/07/2025. Mediante el código de verificación 0T2D4M6N2Z1O3V5A06ZZ puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web https://sede.coruna.gal/



- **Accións**
  - Estender fórmulas innovadoras de residencia dando seguridade xurídica e facendo viables estes proxectos que dan respostas as realidades sociais diversas como: aloxamentos temporais, vivenda colaborativa, vivendas interxeneracionais, apartamentos tutelados, e outras.
  - Facilitar convenios tripartitos: Estado- Comunidade autónoma –Administración Local; en aras de harmonizar os programas de axudas e os réximes dos tipos de aloxamento a aplicar en cada caso.
  - Desenvolver programas municipais específicos en co-creación coas entidades do terceiro sector; de cara a dar resposta as necesidades identificadas no sector cos recursos cos que conta a administración local.
  - Valorar en cada unha das actuacións a necesidade ou non de asociar a estes desenvolvementos residenciais, a correspondente dotación mínima de aparcamento, estudando as alternativas existentes na contorna, de cara a reducir os custes económicos da actuación sempre e favorecer a súa viabilidade.
- **Resultados**
  - Activar 1 ámbito de solo dotacional con capacidade residencial.
  - Crear un grupo estable de traballo co terceiro sector no marco desta medida.
  - Facilitar ao IGVS o desenvolvemento de aloxamentos protexidos, orientados á aloxamentos residenciais para xóvenes con servizos compartidos (tipo *cohousing*).

Incorpóranse datos dos solos dotacionais dispoñibles para implementar esta medida.

| FICHA INVENTARIO | SITUACION/ DENOMINACIÓN | USO | REF. CATASTRAL | SUPERFICIE |
|---|---|---|---|---|
| 000000039 | PARCELA D-2 ADORMIDERAS | EQUIPAM. | 9038014NJ4093N | 1.673,00 m2 |
| 000000982<br>000001083 | POL G2.01 RONDA DE MONTE ALTO | EQUIPAM. EDUCATIVO | 8435002NJ4083S<br>8435010NJ4083S | 3.518,00 m2 |
| 000001661 | ROSALES | EQUIPAM. EDUCATIVO | parte de pare. 6429603NJ4062N | 33.000,00 m2 |
| 000001622 | SECTOR2 S. PEDROVISMA 22-EQ -1 | EQUIPAM. | 5914402NJ4061N | 6.122,00 m2 |
| 000001623 | SECTOR2 S. PEDROVISMA 22-EQ -2 | EQUIPAM. | 6113201NJ4061S | 5.897,00 m2 |
| 000001624 | SECTOR 2 S. PEDROVISMA 22-EQ-3 | EQUIPAM. | 6216701NJ4061N | 24.459,00 m2 |
| 000001625 | SECTOR2 S. PEDROVISMA 22-EQ -4 | EQUIPAM. | 6216703NJ4061N | 1.830,00 m2 |
| 000001627 | SECTOR2 S. PEDROVISMA 22-EQ-6 | EQUIPAM. | 5916601NJ4051N | 1.296,00 m2 |
| 000001283 | FARINA FERRENO- ED-1 | EQUIPAM. EDUCATIVO | 9301802NJ4090S | 9.279,00 m2 |
| 000000851 | PARQUE EIRIS PARCELA Nº42 | EQUIPAM. DEPORTIVO | 8996813NH4989N | 12.573,00 m2 |
| 000000852 | PARQUE EIRIS PARCELA N°43 | EQUIPAM. EDUCATIVO | 8996811NH4989N | 4.488,00 m2 |

Este documento ha sido firmado por MARIA CALVO LLANO a las 12:58 del día 22/07/2025 y por MARIA CALVO LLANO a las 13:18 del día 22/07/2025. Mediante el código de verificación 0T2D4M6N2Z1O3V5A06ZZ puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web https://sede.coruna.gal/



| FICHA INVENTARIO | SITUACION/ DENOMINACIÓN | USO | REF. CATASTRAL | SUPERFICIE |
|---|---|---|---|---|
| 000000853 | PARQUE EIRIS PARCELA Nº 44 | EQUIPAM ASISTENCIAL | 8996810NH4989N | 1.507,00 m2 |
| 000001136 | RECINTO FERIAL EP-3 | EQUIPAM. | 8188210NH4988N | 2.812,04 m2 |
| 000001137 | RECINTO FERIAL EP-4 | EQUIPAM. | 7885047NH4978N | 12.012,01 m2 |
| 000001486 | PARQUE OFIMATICO EQ-ED 1 | EQUIPAM. DEPORTIVO | 8785388NH4988N | 10.334,44 m2 |
| 000001487 | PARQUE OFIMATICO EQ-ED 2 | EQUIPAM. DEPORTIVO | 8785389NH4988N | 9.121,56 m2 |
| 000001488 | PARQUE OFIMATICO EQ-EE-1 | EQUIPAM. DOCENTE | 8785390NH4988N | 9.275,00 m2 |
| 000001947 | PARQUE OFIMATICO EQ-EE-2 | EQUIPAM. DOCENTE | 8785391NH4988N | 3.715,75 m2 |
| 000001490 | PARQUE OFIMATICO EQ-EE-3 | EQUIPAM. DOCENTE | 8785392NH4988N | 11.972 m2 |
| 000001491 | PARQUE OFIMATICO EQ- EE-4 | EQUIPAM. DOCENTE | 8785393NH4988N | 13.344,93 m2 |
| 000001492 | PARQUE OFIMATICO EQ-ES-1 | EQUIPAM. ASISTENCIAL | 8785394NH4988N | 2.911,08 m2 |
| 000001228 | APR 113.02 AVDA. PASAJE EQ.XX | EQUIPAM. | 9780600NH4998S | 806,37 m |
| 000001444 | SECTOR4 VIO EQ | EQUIPAM. | 5176901NH4947N | 16.854,00 m2 |
| 000000820 | NOVO MESOIRO DP1 | EQUIPAM. DEPORTIVO | 5272207NH4957S | 16.020,00 m2 |
| 000000679 | URB. VALAIRE EQ-EDo | EQUIPAM. | 7158130NH4975N | 10.000,00 m2 |
| 000000826 | URB. O CARON EQ-XX | EQUIPAM. DOCENTE | 6753831NH4965S | 1.500,00 m2 |
| 000001152 | URB. BREGOAN PARCELA D-1 | EQUIPAM. DOCENTE | 5159801NH4955N | 10.000,00 m2 |

Este documento ha sido firmado por MARIA CALVO LLANO a las 12:58 del día 22/07/2025 y por MARIA CALVO LLANO a las 13:18 del día 22/07/2025. Mediante el código de verificación 0T2D4M6N2Z1O3V5A06ZZ puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web https://sede.coruna.gal/



## 2. Parcelas municipais en cesión de uso

### - Entidades responsables ou partícipes

- Concello de A Coruña
- Entidades, cooperativas, promotoras.

### - Contexto

O TRLS-RU 7/2015 regula o dereito de superficie como un instrumento da función social da propiedade ao favorecer na actual regulación a súa operatividade para facilitar o acceso dos cidadáns á vivenda e, con carácter xeral, diversificar e dinamizar as ofertas no mercado inmobiliario.

Este dereito de superficie é unha institución xurídica viva e útil para o desenvolvemento urbanístico actual, que para as entidades públicas presenta vantaxes, como a de ser un mecanismo para conservar en mans públicas o solo e ao mesmo tempo facilitar a ampliación do parque de vivendas de protección pública, ou a de contribuír a conter os prezos do solo edificable e á recuperación e retención das plusvalías urbanísticas por parte da comunidade, etc.

Débese tratar de solos aptos para materializar a edificación que se vai realizar e, por conseguinte, de terreos para os cales o planeamento fixou un uso ou destino compatible co obxecto do dereito de superficie.

### - Descrición

O Concello está a traballar na redacción de pregos para a licitación de PARCELAS EN CESIÓN DE USO e na tramitación das licitacións correspondentes xa realizadas. O desenvolvemento desta medida sustentase sobre o patrimonio municipal do solo existente, obtido sobre a base da cesión obrigatoria do 10% do aproveitamento lucrativo.

Recentemente a Administración local ten licitado tres parcelas municipais mediante a Constitución Onerosa do Dereito de Superficie por prazo de 50 anos para a cesión das rasantes, voos e subsolos das parcelas Z-22, Z-26 e Z-36b integrantes do patrimonio municipal do solo do Concello de A Coruña, situadas no Sector S-10 "Xuxán" o "Parque Ofimático", para destinalas a edificación en réxime de aluguer taxado mediante concurso público. De cara a maior detalle sobre o tema pódese consultar no seguinte enlace de acceso ao anuncio:

*Anuncio licitación_ Dereito de Superficie_viv_rexime_aluguer_taxado*

### - Obxectivos

- Fomento de cesión de solo a cooperativas e promotores relacionados co terceiro sector.
- Impulso de solucións de vivenda en cesión de uso e cooperativas como alternativa de vivenda a prezo asequible á vivenda protexida.
- Vinculación da cesión de solo as solucións de vivenda a prezo asequible e vivenda social das contempladas na Lei 12/2023 do dereito á vivenda e na Lei de vivenda de Galicia.
- Melloras nas condicións dos Pregos de licitacións para estas cesións de solo en colaboración coas entidades interesadas nesta fórmula.

Este documento ha sido firmado por MARIA CALVO LLANO a las 12:58 del día 22/07/2025 y por MARIA CALVO LLANO a las 13:18 del día 22/07/2025. Mediante el código de verificación 0T2D4M6N2Z1O3V5A06ZZ puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web https://sede.coruna.gal/



- **Accións**
  - Cesión de uso de superficies municipais, mediante licitacións, para a execución de vivenda de aluguer asequible.
- **Resultados**
  - Parcela Z-22 Xuxán: 104 vivendas de aluguer regulado (cesión de superficie).
  - Parcela Z-26 Xuxán: 36 vivendas de aluguer regulado (cesión de superficie).
  - Parcela Z-36 Xuxán: estimadas 35 vivendas de aluguer regulado (cesión de superficie).

Esta previsión suma un total de 175 novas vivendas públicas ou protexidas en ámbitos de xestión pública e privada.

Este documento ha sido firmado por MARIA CALVO LLANO a las 12:58 del día 22/07/2025 y por MARIA CALVO LLANO a las 13:18 del día 22/07/2025. Mediante el código de verificación 0T2D4M6N2Z1O3V5A06ZZ puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web https://sede.coruna.gal/



## 3. Cesión de solo municipal a outras administracións para vivenda de alugueiro asequible

- **Entidades responsables ou partícipes**
  - Concello de a Coruña
  - Outras Administracións
- **Contexto**

No momento actual as tres administracións -local, autonómica e estatal- están a intentar desenvolver o maior número posible de actuacións que incrementen o parque residencial público e protexido. Mentres vanse desenvolvendo os ámbitos de solo que precisan a execución do seu planeamento urbanístico para chegar a ser solos finalistas, a Administración local está a estudar todas as opcións coas que conta; entre elas está a de por a disposición da Xunta de Galicia, vía Sociedade de Vivenda Pública de Galicia (VIPUGAL) ou Instituto Galego de Vivenda e Solo (IGVS) e da Administración Xeral do Estado (AGE), o solo finalista que ten en propiedade e que é susceptible de cesión para a execución de novas vivendas protexidas (VPP), en réxime de aluguer e/ou compra-venda.

- **Descrición**

Esta medida permite as outras administracións obter solo finalista no que poder desenvolver, sen ter que esperar os prazos da xestión urbanística do solo, as súas previsións de novas vivendas nas diferentes modalidades e réximes, o que permitirá atender ás diferentes necesidades dunha poboación diversa.

- **Obxectivos**
  - Establecer no Plan de vivenda municipal, que redactará EMVSA, os solos previstos polo Concello e os mecanismos de control efectivo para o cumprimento dos acordos acadados entre administracións.
  - Manter o réxime de protección da vivenda permanente nas novas vivendas.
  - Aumentar o número de vivendas públicas e protexidas.

- **Accións**
  - Cesión de ámbitos de solo a VIPUGAL/IGVS e/ou á AGE de solo para a execución de nova vivenda pública protexida (VPP) e de aluguer asequible.
- **Resultados**
  - Vivenda pública autonómica en parcelas cedidas polo Concello A Coruña:
    - Praza Porticada: 11 vivendas públicas en aluguer
    - Lugar de Pedro Fernández: 30 vivendas públicas en aluguer
    - Os Rosais: 58 vivendas públicas en aluguer

Esta previsión suma un total de 99 novas vivendas públicas ou protexidas en ámbitos de xestión pública e privada.

Este documento ha sido firmado por MARIA CALVO LLANO a las 12:58 del día 22/07/2025 y por MARIA CALVO LLANO a las 13:18 del día 22/07/2025. Mediante el código de verificación 0T2D4M6N2Z1O3V5A06ZZ puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web https://sede.coruna.gal/



Incorpóranse datos dos ámbitos do patrimonio municipal do solo dispoñibles para implementar esta medida.

| POLIGONO PGOM 1998 Ubicación | PARCELA Superficie | PORCENTAJE | APROV. | ACUERDO // FECHA | ESTADO GASTOS | SITUACIÓN REGISTRAL |
|---|---|---|---|---|---|---|
| H8.01 GAITEIRA 1 C/ Gaiteira 23-27 | Nº 3 202,00 m2 | Adjudicación 100% | 900 m2e | Comisión de Gobierno (4-5-2001) | URBANIZADO | INSCRITO (pdte. regularizar- doble inmatric.) |
| E9.01 (PGOM-1998) Avda Severo Ochoa | **Nº** 3 662 m2 | Proindiviso 65,17% | 1390,26 m2e (total) | Junta Gobierno Local (3-9-2004) | URBANIZADO | INSCRITO |
| F8.01(PGOM-1998) Lugar de Vioño | M1-B 1.411m2 | Adjudicación 100% | 8.888,89 m2e | Junta Gobierno Local (28-12-2004) | URBANIZADO | INSCRITO |
| G7.04 (PGOM-1998) Falperra II | Parcela C 170,42 m2 | Proindiviso 88,92% | 715,39 m2e (total) | Junta Gobierno Local (26-10-2007) | NO URBANIZADO | INSCRITO |
| APR-I-13.02 Avda. Pasaje | R- 3 1238,20 | Adjudicación 100% | 2.238,56 m2e | Junta Gobierno Local {27-11-2007) | NO URBANIZADO | INSCRITO |
| APR-I-13.02 Avda. Pasaje | R-4 290,47 | Adjudicación 100% | 1.046,40 m2e | Junta Gobierno Local (27-11-2007) | NO URBANIZADO | INSCRITO |
| Hll.05 Eirís de Arriba | R-5 328,S m2 | Adjudicación 100% | 930,00 m2e | Junta Gobierno Local (14-03-2008) | URBANIZADO | INSCRITO |
| PERI E7.01 Cantera de Mesejo | Pr. Nº 5 173,50 m2 | | 1.378,83 m2e | Junta Gobierno Local (11-04-2008) | NO URBANIZADO | PENDIENTE RP |
| H9.06 ANTONIO RIOS II | P.R3 120 m2 | Adjudicación 100% | 507,57 m2e | Junta Gobierno Local (1-08-2008) | NO URBANIZADO (24,17%gastos urbanización) | INSCRITO |
| F6.02 PORTICADA Rey Abdullah | 8-5 281 m2 | Adjudicación 100% | 1.323,16 m2e | Junta Gobierno Local (31-08-07 | URBANIZADO | INSCRITO |
| H14.01 Palavea 1 | R-3 Residencial 117 m2 | | 713,70 m2e | Junta Gobierno Local (5-12-2008) | NO URBANIZADO | INSCRITO |

Este documento ha sido firmado por MARIA CALVO LLANO a las 12:58 del día 22/07/2025 y por MARIA CALVO LLANO a las 13:18 del día 22/07/2025. Mediante el código de verificación 0T2D4M6N2Z1O3V5A06ZZ puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web https://sede.coruna.gal/



| POLIGONO PGOM 1998 Ubicación | PARCELA Superficie | PORCENTAJE | APROV. | ACUERDO // FECHA | ESTADO GASTOS | SITUACIÓN REGISTRAL |
|---|---|---|---|---|---|---|
| H9.11 FARIÑA FERREÑO Monte das Moas | P. D-2 624,46 m2 | Proindiviso 34,76% | 5.485,30 m2e (total) | Junta Gobierno Local (19-12-2008) | NO URBANIZADO (31,73 % gastos urbanización//3 ,03 % libre) | INSCRITO |
| H9.11FARIÑA FERREÑO Monte das Moas | Parcela B-1 1.847,74 m2 (subsuelo y 1767,87 m2 superficie) | Adjudicada 00% | 13.793,76 m2e | Junta Gobierno Local (19-12-2008) | NO URBANIZADO | INSCRITO |
| 5-10 "P. Ofimático" Eirís de Abajo | Parcela Z-22 Residencial Libre 2.238 m2 | Adjudicada 100% | 13.470,00 m2e | Junta Gobierno Local (25-09-2009) | URBANIZADO (41,48 % gastos urbanización// 58,52 % libre) | INSCRITO |
| 5-10 "P. Ofimático" Eirís de Abajo | P Z-26-a Residencial Libre 821,77 m2 | Adjudicada 100% | 4.340,34 m2e | Junta Gobierno Local (25-09-2009) | EN PROCESO URBANIZACIÓN | INSCRITO |
| 5-10 "P. Ofimático" Eirís de Abajo | P Z-36.b Residencial VPO 653,33 m2 | Adjudicada 100% | 2.919,74 m2e | Junta Gobierno Local (25-09-2009) MODIFICADO POR J.G.L 21-5-2010 | URBANIZADO | INSCRITO |
| 5-10 "P. Ofimático" Eirís de Abajo | Parcela Z-37 Residencial VPO 1600 m2 | Adjudicada 100% | 6.912,00 m2e | Junta Gobierno Local (25-09-2009) | URBANIZADO | INSCRITO |
| 5-10 "P. Ofimático" Eirís de Abajo | Parcela Z-41 Residencial Libre y Terciario 2.066 m2 | Adjudicada 100% | 11.802,00 m2e | Junta Gobierno Local (25-09-2009) | EN PROCESO URBANIZACIÓN | INSCRITO |
| S-2 S. Pedra Visma | Z4-R4L-2 Residencial-Terciaria 309,74 | Adjudicada 100% | 2691,00 m2e | Junta Gobierno Local {25-03-2011) | NO URBANIZADO (48,52991 % gastos urbaniz.// 51,47009 % libre) | PENDIENTE RP |
| S-2 S. Pedra Visma | Z4-R6LB-2 Residencial-Terciario 419,86 m2 | Adjudicada 100% | 4564,00 m2 | Junta Gobierno Local {25-03-2011) | NO URBANIZADO (48,52991% gastos urbaniz.// 51,47009 % libre) | PENDIENTE RP |

Este documento ha sido firmado por MARIA CALVO LLANO a las 12:58 del día 22/07/2025 y por MARIA CALVO LLANO a las 13:18 del día 22/07/2025. Mediante el código de verificación 0T2D4M6N2Z1O3V5A06ZZ puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web https://sede.coruna.gal/



| POLIGONO PGOM 1998 Ubicación | PARCELA Superficie | PORCENTAJE | APROV. | ACUERDO // FECHA | ESTADO GASTOS | SITUACIÓN REGISTRAL |
|---|---|---|---|---|---|---|
| S-2 S. Pedra Visma | Z4-R8PB-2 Residencial-Terciario 629,69 m2 | Adjudicada 100% | 4948,00 m2e | Junta Gobierno Local (25-03-2011) | NO URBANIZADO (48,52991 % gastos urbaniz.// 51,47009 % libre) | PENDIENTE RP |
| S-2 S. Pedra Visma | P. Z4-RLB-2 Residencial-Terciario 334,52 m2 | Adjudicada 100% | 3690,00 m2e | Junta Gobierno Local {25-03-2011) | NO URBANIZADO {45,785 % gastos urbaniz.// 54,215 % libre) | PENDIENTE RP |
| Los Rosales Parcela 5D | Solar /Residencial 1.220 m2 | Adjudicada 100% | 6.980,70 m2e | PLENO {19-04-1991) | URBANIZADO | INSCRITO |
| Marqués de Pontejos NQ15 y 17 | Residencial nº 15- 78 m2 nº 17- 96,20 total 174,20 m2 | 100% | | CONCEJAL DELEGADO {8/9/2017) | URBANIZADO | INSCRITO |

Este documento ha sido firmado por MARIA CALVO LLANO a las 12:58 del día 22/07/2025 y por MARIA CALVO LLANO a las 13:18 del día 22/07/2025. Mediante el código de verificación 0T2D4M6N2Z1O3V5A06ZZ puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web https://sede.coruna.gal/



## 4. Xestión de ámbitos de iniciativa pública e privada para a obtención de solos para vivenda protexida e pública no municipio

### - Entidades responsables ou partícipes

- Concello de A Coruña
- Promotoras privadas
- Outras Administracións

### - Contexto

Coa finalidade de poder edificar mais vivenda de protección pública e aluguer asequible neste momento actual e de cara ao futuro, é necesario seguir traballando na previsión dos novos desenvolvementos de xestión do solo e na preparación dos solos xa dispoñibles como solos finalistas. Para elo, faise unha estimación en apartados anteriores, das previsións da capacidade do PXOM e o estado do seu nivel de execución.

### - Descrición

Trátase de novas vivendas localizadas en ámbitos de solo residencial de promoción pública e privada que supoñen a construción de nova vivenda libre e pública ao tempo que tamén incorporan un importante número de vivenda protexida. Algún deles xa iniciou as obras de urbanización ou teñen licenzas concedidas para executar xa as novas vivendas e outros solos están en fases mais iniciais de tramitación do planeamento. Estimase a execución e remate destes últimos no período dos próximos 10 anos (ano 2035). E tómanse en consideración para as proxeccións de novas vivendas a 2035 e 2045.

### - Obxectivos

- Medida vinculada cos obxectivos previstos dentro dos compromisos que conleva a Declaración de Zona Residencial Tensionada de cara ao incremento das reservas de solo para vivenda pública e de protección
  - Incrementando no solo urbanizable, a reserva para VPP/VPA do 30 ao 40 % .
  - Incrementando no solo urbano non consolidado, a reserva da cesión municipal do 10% do aproveitamento lucrativo ao 20% para vivenda pública.

### - Accións

- Colaborar con el sector privado para el Impulso a la edificación de vivenda en aluguer asequible
- Propoñer os ámbitos mais acaídos para o desenvolvemento equilibrado do municipio
- Prever as posibles dificultades para o desenvolvemento dos ámbitos de cara a garantir o resultado finalista cara á edificación de vivenda de protección/pública

### - Resultados

- Concello de A Coruña:
  - Parcela Z-37 Xuxán: 50 vivendas públicas en aluguer
  - Marques de Pontejos: 5 vivendas públicas en aluguer
- Xunta de Galicia (Instituto Galego da Vivenda e Solo, IGVS)
  - Parcela Z-13 Xuxán: 40 vivendas públicas en aluguer
  - Parcela Z-38 Xuxán: 50 vivendas públicas en aluguer

Este documento ha sido firmado por MARIA CALVO LLANO a las 12:58 del día 22/07/2025 y por MARIA CALVO LLANO a las 13:18 del día 22/07/2025. Mediante el código de verificación 0T2D4M6N2Z1O3V5A06ZZ puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web https://sede.coruna.gal/



- Parcela Z-06 Xuxán: 14 vivendas públicas en aluguer
- Rúa San Andrés, 88: 4 vivendas públicas en aluguer
- Rúa Santa María, 6: 3 vivendas públicas en aluguer
- Parcela Z-07 Xuxán: 14 vivendas de aluguer regulado (cesión de superficie).
- Parcela Z-27 Xuxán: 90 vivendas de aluguer regulado (cesión de superficie).
- Parcela Z-35 Xuxán: 60 vivendas de aluguer regulado (cesión de superficie).
- Parcela Z-40 Xuxán: 60 vivendas de aluguer regulado (cesión de superficie).
-

- *Administración General del Estado* (AGE) / Empresa Estatal de Vivenda
  - Rúa Adelaida Muro: 11 vivendas

- Promoción privada (impulso e axilización dos procedementos de xestión)
  - San Pedro de Visma: 900 novas vivendas públicas/protexidas.
  - As Percebeiras: 180 novas vivendas protexidas.
  - Parque de Oza: 110 novas vivendas públicas/protexidas.
  - Someso: 200 novas vivendas protexidas.

Esta previsión suma un total de 401 novas vivendas públicas ou protexidas en ámbitos de xestión pública e o impulso de 1.390 novas vivendas de protección de promoción privada cara aos seguintes períodos.

Este documento ha sido firmado por MARIA CALVO LLANO a las 12:58 del día 22/07/2025 y por MARIA CALVO LLANO a las 13:18 del día 22/07/2025. Mediante el código de verificación 0T2D4M6N2Z1O3V5A06ZZ puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web https://sede.coruna.gal/



## 5. Renovación e incremento do parque público municipal de vivenda (EMVSA)

### - Entidades responsables ou partícipes

- Concello de A Coruña
- Empresa Municipal de Vivenda, Servizos e Actividades (EMVSA)
- Particulares e entidades.

### - Contexto

A Empresa Municipal de Vivenda, Servizos e Actividades, EMVSA, foi constituída co fin de ofrecer á cidadanía unha pluralidade de servizos e de mellora da súa calidade de vida e cohesión social. Esta medida está vinculada coa encomenda do Concello de A Coruña a EMVUSA (medida 17) para a xestión do parque de vivenda pública municipal.

### - Descrición

Recentemente encomendase á Empresa Municipal de Vivenda, Servizos e Actividades (EMVSA) a prestación dun servizo de xestión legal, administrativa e técnica do Banco municipal de vivenda destinada ao aluguer social, reforzando a súa capacidade para xestionar máis vivenda pública incorporando novas medidas para a captación e aumento do parque de vivendas públicas municipais.

Esta encomenda comprende un servizo de asesoramento ás persoas arrendatarias, o servizo de xestión legal, administrativa e técnica do banco municipal de vivenda destinado ao alugueiro social. Entre outras tarefas EMVSA tamén colabora co Concello na formulación de instrumentos de contido urbanístico que permitan construír vivendas sometidas a algún réxime de protección.

### - Obxectivos

- A mellora da xestión do parque municipal de vivendas públicas
- O aumento do número de inmobles que forman parte do parque de vivenda pública municipal
- A constitución dun Banco municipal de vivendas destinadas ao aluguer social
- Creación e administración dunha base de datos do parque de vivendas integradas no Banco municipal de vivendas

### - Accións

- Conformar o **Banco Municipal de Vivenda** con todas aquelas vivendas de titularidade municipal e aquelas de propiedade privada que xa se viñan xestionando por EMVSA, derivadas de convocatorias previas de captación de vivenda ou pola asunción de programas xestionados por entidades sociais externas ao Concello da Coruña.
  - vivendas integradas no parque de vivendas de titularidade municipal.
  - prevese a Incorporación de novas vivendas para o seu aluguer social, de titularidade pública ou privada ao Banco municipal de vivenda, a título oneroso ou gratuíto, mediante convocatorias públicas ou firma de acordos específicos con entidades de carácter público ou privado, para o seu posterior arrendamento ás persoas inscritas no rexistro de demandantes

Este documento ha sido firmado por MARIA CALVO LLANO a las 12:58 del día 22/07/2025 y por MARIA CALVO LLANO a las 13:18 del día 22/07/2025. Mediante el código de verificación 0T2D4M6N2Z1O3V5A06ZZ puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web https://sede.coruna.gal/



- Crear e administrar unha base de datos do parque de vivendas integradas no Banco Municipal de Vivendas.
    - terá en conta factores como as condicións de accesibilidade e as características dos inmobles no seu interior, o que facilitará, á hora de xestionar os alugueres, o filtrado en función das necesidades de cada persoa demandante.

- **Resultados**

- Xestión do parque público municipal de vivenda existente. O total de vivendas do Concello son 409 vivendas en propiedade, ás que se engaden a maiores as que xestiona a través da Empresa Municipal de Vivenda, Servizos e Actividades (EMVSA), un total de 41 máis.; 450 en total.
    - Grupo María Pita: 256 vivendas.
    - Orillamar: 44 vivendas.
    - Eirís: 34 vivendas.
    - Os Rosais: 11 vivendas.
    - Novo Mesoiro: 11 vivendas.
    - As Lagoas: 8 vivendas.
    - Veramar: 10 vivendas.
    - Outras zonas: 35 vivendas.
- Creación e administración dunha base de datos do parque de vivendas integradas no Banco Municipal de Vivendas, mantendo a día cando menos a información relacionada con localización e características básicas das vivendas, estado de ocupación, datos catastrais e rexistrais, certificado CEE, condicións de accesibilidade á vivenda e ao edificios e condicións das instalacións, estado construtivo e mantemento, xunto con fotografías do inmoble.

  Dispoñendo dun parque municipal de vivenda pública de 450 vivendas.

  As medidas no Bloque 1 suporían contar con unha dotación de 675 novas vivendas de carácter social que xunto coas existentes suporían ao final deste período un total de 1.548 vivendas.

Este documento ha sido firmado por MARIA CALVO LLANO a las 12:58 del día 22/07/2025 y por MARIA CALVO LLANO a las 13:18 del día 22/07/2025. Mediante el código de verificación 0T2D4M6N2Z1O3V5A06ZZ puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web https://sede.coruna.gal/



## BLOQUE II. REGULACIÓN E ACTUACIÓNS SOBRE O PARQUE EDIFICADO

O Concello xa ten iniciado un camiño cara á mellora da regulación, co impulso de ordenanzas municipais coma a ordenanza de vivendas de uso turístico (VUT) recentemente aprobada e que acaba de entrar en vigor o día 1 de xullo, ou a nova ordenanza de licenzas e procedementos administrativos, que se encamiña na liña de simplificar a tramitación administrativa das licenzas; nos próximos anos será determinante o impulso ás axudas de rehabilitación, traballando como ata agora tanto coas subvencións municipais coma coas derivadas do Plan de Vivenda, financiadas entre o Concello, Xunta e Estado, e que nos próximos anos reformularanse para vinculalas con obxectivos de mobilizar vivenda baleira e de aumentar a oferta de vivenda de aluguer asequible.

| OE1 | | OBXECTIVOS ESPECIFICOS |
|---|---|---|
| A mellora os sistemas de xestión e coordinación institucional entre as diversas administracións e axentes implicados, así como da colaboración público-privada, para lograr o desenvolvemento dunha política social e de vivenda mais eficaz e unha mellor xestión dos recursos dispoñibles. | OE2.8.1 | Posta en valor do patrimonio cultural da cidade |
| | OE2.8.2 | Recuperación do parque residencial existente |
| | OE2.8.3 | Mobilización de vivenda baleira |
| | OE2.8.4 | Aumento do parque de vivenda |
| | OE2.9.1 | Incorporación de novas vivendas para o seu aluguer social a través da Bolsa Municipal de Vivendas. |
| | OE2.9.2 | Aumentar o número de vivendas que conforman o Banco municipal de vivenda |
| | OE2.9.3 | Mobilización de vivenda baleira |
| | OE2.10.1 | A mellora da calidade de vida a nivel de vía pública, nos barrios onde é maior o número de baixos baleiros, e xerar facilidades na creación de nova vivenda adaptada e asequible. |
| | OE2.10.2 | Creación de novas vivendas accesibles e asequibles, públicas ou sociais, dirixidas aos sectores máis vulnerables da poboación, incluídos maiores, xóvenes, e determinados colectivos |
| | OE2.10.3 | Posta no mercado de baixos baleiros coa consecuente reactivación da vida social no barrio |
| | OE2.10.4 | Reutilizar recursos, neste caso espazos xa existentes, para adaptalos e poder dar resposta ás necesidades locais específicas identificadas |

Este documento ha sido firmado por MARIA CALVO LLANO a las 12:58 del día 22/07/2025 y por MARIA CALVO LLANO a las 13:18 del día 22/07/2025. Mediante el código de verificación 0T2D4M6N2Z1O3V5A06ZZ puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web https://sede.coruna.gal/



## 6. Ordenanza municipal reguladora das vivendas de uso turístico (VUT)

- **Entidades responsables ou partícipes**:
  - Concello de A Coruña
  - Mesa sectorial VUT
  - Cidadanía
- **Contexto**

A expansión das VUT repercute na cidade en distintos aspectos, nomeadamente, no acceso á vivenda ao reduciren o parque de vivendas dispoñible para aluguer, incrementaren os prezos dos alugueres, que no caso da xente nova resultan desproporcionados cos seus ingresos; na compatibilidade dos usos residenciais cos turísticos nos edificios que comparten as instalacións e espazos comúns, e mesmo, nos espazos e servizos públicos que determinan o modelo de cidade.

Na Coruña, consonte o mapa do INE, que concentración das VUT prodúcese nas zonas máis centrais e turísticas da cidade –Cidade Vella e A Pescaría–, e distribúense por toda a contorna máis consolidada da cidade, nos barrios, (desde Labañou ata Os Castros).

Neste contexto, e logo de comprobar a relación de vivendas declaradas ante a Axencia de Turismo de Galicia e a súa inscrición no Rexistro de Empresas e Actividades Turísticas da Comunidade Autónoma de Galicia (REAT), verificouse que se estaba a exercer a actividade de uso turístico en vivendas, sen contar coa habilitación administrativa municipal, e en moitos casos, vulnerando as determinacións dos usos do planeamento municipal vixente, Plan Xeral de Ordenación Municipal e Plan Especial de Protección e Reforma Interior da Cidade Vella e Pescadaría, PEPRI.

- **Descrición**

Medida vincula coa recentemente aprobada, Ordenanza municipal reguladora das vivendas de uso turístico (VUT), para a que xa existe tamén unha Mesa sectorial que traballa concretamente no desenvolvemento desta medida.

Esta ordenanza entrou en vigor en data 1 de xullo do 2025 e conleva como próximos pasos a delimitación de zonas saturadas de vivendas de uso turístico

O obxecto desta ordenanza é regular ás condicións de implantación das vivendas de uso turístico en aplicación do réxime que o vixente planeamento municipal establece para estes usos terciarios, e o procedemento esixible para obter a habilitación administrativa para implantar e desenvolver a actividade no Concello da Coruña.

- **Obxectivos**
  - Maior seguridade xurídica para as partes implicadas na tramitación dos procedementos de intervención e control de edificación e usos do solo, así como de implantación e exercicio de actividades e servizos
  - Evitar os efectos negativos que os cambios de uso das vivendas de uso residencial a vivendas de uso turístico producen no acceso á vivenda para a cidadanía e a concorrencia dunha zona de mercado residencial tensionado
  - Acomodar este uso en expansión coas previsións do planeamento municipal e establecer o procedemento e control da actividade, baixo o principio de reversibilidade, co obxecto de propiciar as condicións de retorno ao uso propiamente residencial, e acadar o equilibrio entre as distintas necesidades da cidadanía.

Este documento ha sido firmado por MARIA CALVO LLANO a las 12:58 del día 22/07/2025 y por MARIA CALVO LLANO a las 13:18 del día 22/07/2025. Mediante el código de verificación 0T2D4M6N2Z1O3V5A06ZZ puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web https://sede.coruna.gal/



- **Accións**
    - Aplicar o cumprimento da ordenanza
    - Controlar e avaliar a aplicación efectiva da nova ordenanza VUT
    - Desenvolver a Declaración de zona saturada de vivendas de uso turístico
    - Coordinar o traballo desenvolto pola Mesa de vivenda e a Mesa de vivenda turística
- **Resultados**

- Regulación de las VUT existentes.
- Delimitación de zonas saturadas de vivendas de uso turístico
  Segundo establece a Ordenanza municipal no artigo 13, suporá definir os contornos que se saturen coa implantación de vivendas destinadas ao uso turístico no caso de que o número destas sexa superior a 0,5 vivendas de uso turístico por cada 100 habitantes nun mesmo distrito censual da cidade. O que precisará:
    - un estudo dos distritos relativo ao número de vivendas destinadas a usos de vivenda de uso turístico en relación co número de habitantes do distrito.
    - a delimitación concreta dos distritos saturados, cos planos correspondentes, e a prohibición de implantar novas vivendas de uso turístico
- Tramitación das solicitudes de implantación das vivendas de uso turístico consonte o previsto no planeamento municipal que regula en cada ordenanza, as zonas da cidade nas que poden implantarse as vivendas de uso turístico e as súas condicións.

Este documento ha sido firmado por MARIA CALVO LLANO a las 12:58 del día 22/07/2025 y por MARIA CALVO LLANO a las 13:18 del día 22/07/2025. Mediante el código de verificación 0T2D4M6N2Z1O3V5A06ZZ puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web https://sede.coruna.gal/



## 7. Ordenanza reguladora dos procedementos para a intervención e control na execución de obras

- **Entidades responsables ou partícipes**
  - Concello de A Coruña
  - Cidadanía
- **Contexto**

O Concello de A Coruña está a tramitar a modificación da ordenanza reguladora dos procedementos para a intervención e control na execución de obras, implantación de instalacións e actividades ou servizos (aprobada definitivamente por acordo do Pleno municipal adoptado en sesión ordinaria de data 21 de xullo de 2014 e publicada no Boletín Oficial da Provincia número 151 do 11 de agosto de 2014). No mes de agosto 2024, estivo aberta a consulta pública previa á modificación da Ordenanza reguladora de licenzas, con vistas á súa adaptación á actual normativa-

- **Descrición**

A modificación da Ordenanza ten como principais obxectivos a posta en marcha de procedementos que axilicen os trámites administrativos, incluíndo a intervención de entidades de certificación de conformidade municipal debidamente constituídas, autorizadas e rexistradas, en expedientes de actividades e obras, excluíndo dos últimos cando se trate de obras a realizar en inmobles catalogados no Plan Xeral e en todo o ámbito do Plan Especial de protección e reforma interior da Cidade Vella e a Pescaría (PEPRI).

Ademais, tamén se busca garantir unha maior seguridade xurídica para as partes implicadas na tramitación dos procedementos de intervención e control de edificación e usos do solo, así como de implantación e exercicio de actividades e servizos.

- **Obxectivos**
  - A adaptación do seu contido ao establecido na vixente lexislación urbanística e de actividades e normativa en desenvolvemento da mesma.
  - Implantar dinámicas que permitan axilizar os trámites administrativos, incluíndo a intervención de entidades de certificación de conformidade municipal debidamente constituídas, autorizas e rexistradas, en expedientes de actividades e obras, excluíndo dos últimos cando se trate de obras a realizar en inmobles catalogados no plan xeral ou planeamento de desenvolvemento e en todo o ámbito do Plan Especial de protección e reforma interior de Cidade Vella e Peixaría.

- **Accións**
  - Terminar de tramitar o proxecto de modificación da Ordenanza reguladora dos procedementos para a intervención e control na execución das obras, implantación de instalacións e actividades ou servizos.
  - Seguir o desenvolvemento da súa aplicación e controlar a aplicación efectiva desta nova ordenanza

- **Resultados**
  - Aprobación definitiva da Ordenanza municipal, entrada en vigor e posta en funcionamento
  - Redución de prazos administrativos

Este documento ha sido firmado por MARIA CALVO LLANO a las 12:58 del día 22/07/2025 y por MARIA CALVO LLANO a las 13:18 del día 22/07/2025. Mediante el código de verificación 0T2D4M6N2Z1O3V5A06ZZ puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web https://sede.coruna.gal/



## 8. Impulso ao Plan Municipal de Recuperación de Ruínas e ao Programa Rexurbe (IGVS)

- **Entidades responsables ou partícipes**
  - Concello de A Coruña
  - Promotoras e particulares
  - Outras Administracións
- **Contexto**

Medida vincula a dous programas xa en marcha na administración local e na autonómica. O **Plan Municipal de Recuperación de Ruínas,** un **programa municipal** promovido desde a Concellaría de Urbanismo, Rehabilitación e Vivenda co obxectivo de dar solucións máis áxiles ao estado de abandono no que están algúns edificios, soares e inmobles da cidade a causa do incumprimento das dúas obrigas por parte das persoas propietarias. O **Programa Rexurbe**, un **programa da Administración autonómica** mediante o cal a Xunta de Galicia intervén na recuperación dos cascos históricos de diferentes vilas e cidades galegas, dando continuidade a unha iniciativa xa iniciada no 2018.

- **Descrición**

A través do **Plan Municipal para a Recuperación de Ruínas,** o Concello sacará a poxa pública forzosa aqueles inmobles nos que as persoas propietarias das edificacións incumprisen as súas obrigas en materia de conservación e rehabilitación, nos prazos e condicións marcados pola lei.

O Concello elaborou un informe de diversos inmobles e soares baleiros que a día de hoxe se encontran en situación de abandono, e sobre os que o Concello emitiu a declaración de incumprimento das obrigas de conservación e rehabilitación que impón a lei.

Os oito edificios e soares en cuestión están situados na rúa Damas, 3; na rúa de San Andrés, 140; rúa Pastoriza, 4; os números 72, 130 e 202 da rúa Orzán; rúa Herrador, 6; e rúa de Santa Lucía, 8. No caso dos soares baleiros, trátase —e tratarase, ao ser un procedemento que pode ampliarse— daqueles que xa acollesen un edificio previamente e rematasen en demolición a causa do procedemento de ruína.

O procedemento que seguirá o Goberno municipal para a posta en marcha do Plan Municipal para a Recuperación de Ruínas contempla, en primeira instancia, que o Concello dispoña da opción de sacar a poxa pública o inmoble ou soar en cuestión nun prazo máximo de seis meses desde a declaración de incumprimento.

O tipo de licitación será o que resulte da valoración da parcela ou inmoble e se a poxa se declarase deserta podería convocarse de novo nun prazo de tres meses, cunha rebaixa do 25% sobre o tipo de licitación inicial. Se a poxa volvese quedar deserta novamente, o Concello, nun prazo de seis meses, poderá adquirir o inmoble para incluílo no patrimonio público a un custo do 75% do tipo de licitación inicial.

A persoa ou entidade que adquira o inmoble ou soar exposto a poxa pública estará obrigada a iniciar as obras de rehabilitación nun prazo máximo de nove meses desde a toma de posesión do predio.

Respecto do **Programa Rexurbe (IGVS-Xunta)** mediante o cal, a Xunta de Galicia, a través del Instituto Galego da Vivenda e Solo (IGVS), adquire inmobles en estado de abandono o semiabandono nos cascos antigos, neste caso no casco antigo de A Coruña, ámbito suxeito ao Plan Especial de Protección e Reforma interior (PEPRI) da Cidade Vella e Pescadería e desde o Servizo de Rehabilitación e Vivenda, da Concellería de Urbanismo, traballouse conxuntamente co Instituto Galego de Vivenda e Solo (IGVS) na delimitación das áreas rexurbe e na busca e selección dos inmobles máis acaídos para a súa compra dentro do

Este documento ha sido firmado por MARIA CALVO LLANO a las 12:58 del día 22/07/2025 y por MARIA CALVO LLANO a las 13:18 del día 22/07/2025. Mediante el código de verificación 0T2D4M6N2Z1O3V5A06ZZ puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web https://sede.coruna.gal/

programa Rexurbe. Por parte do Concello elaborouse un listado e contactouse coas distintas propiedades para trasladarlles a posibilidade de venda a administración autonómica dentro do citado programa.

Unha vez adquiridos dous inmobles (San Andrés 88 e Santa María 6) estase a traballar na axilización dos permisos e licenzas así como dos ditames correspondentes da Comisión PEPRI. Dita canle de colaboración segue aberta para futuras novas convocatorias de adquisición de inmobles.

- **Obxectivos**

  - Posta en valor do patrimonio cultural da cidade
  - Recuperación do parque residencial existente
  - Mobilización de vivenda baleira
  - Aumento do parque de vivenda

- **Accións**

  - Axilización do procedemento de venda forzosa en casos de incumprimento dos deberes de conservación
  - Coordinación coa Administración autonómica de cara a facilitar posibles inmobles á incluír no Plan Rexurbe.
  - No Programa Municipal de Recuperación de Ruínas:
    - Identificar os inmobles nos que as persoas propietarias das edificacións incumprisen as súas obrigas en materia de conservación e rehabilitación, nos prazos e condicións marcados pola lei.
    - Informar inmobles e soares baleiros que a día de hoxe se encontran en situación de abandono.
    - Sacar a poxa pública o inmoble ou soar en cuestión nun prazo máximo de seis meses desde a declaración de incumprimento.
    - Venta forzosa
    - Inicio das obras de rehabilitación nun prazo máximo de nove meses desde a toma de posesión do predio. No caso dos soares baleiros, trátase —e tratarase, ao ser un procedemento que pode ampliarse— daqueles que xa acollesen un edificio previamente e rematasen en demolición a causa do procedemento de ruína.
    - Rehabilitación do inmoble por parte da propiedade
  - No Programa REXURBE:
    - Selección dos inmobles máis acaídos para a súa compra dentro do programa Rexurbe.
    - Adquisición dos inmobles por parte da administración autonómica
    - Licitación dos proxectos e obras correspondentes

- **Resultados:**

  - Programa Municipal de Recuperación de Ruínas
    - oito edificios e soares sitos na rúa Damas, 3; na rúa de San Andrés, 140; rúa Pastoriza, 4; os números 72, 130 e 202 da rúa Orzán; rúa Herrador, 6; e rúa de Santa Lucía, 8.
  - Plan Rexurbe do IGVS
    - dous inmobles sitos en San Andrés 88 e Santa María 6.

Este documento ha sido firmado por MARIA CALVO LLANO a las 12:58 del día 22/07/2025 y por MARIA CALVO LLANO a las 13:18 del día 22/07/2025. Mediante el código de verificación 0T2D4M6N2Z1O3V5A06ZZ puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web https://sede.coruna.gal/



## 9. Mobilización de vivenda baleira a través da Bolsa municipal de vivenda (EMVSA)

- **Entidades responsables ou partícipes**
  - Concello de A Coruña
  - Empresa Municipal de Vivenda, Servizos e Actividades (EMVSA).
  - Propietarios e propietarias
- **Contexto**

Medida vinculada coa encomenda á empresa Municipal de Vivenda , Servizos e Actividades, EMVSA, da xestión do parque de vivenda pública municipal.

Esta medida forma parte de las tarefas incluídas na encomenda do concello de A Coruña á empresa municipal EMVSA concretamente, *5.Renovación e incremento do parque público municipal de vivenda*.

- **Descrición**

Esta encomenda comprende un servizo de asesoramento ás persoas arrendatarias, o servizo de xestión legal, administrativa e técnica do banco municipal de vivenda destinado ao alugueiro social.

Neste marco plantease a incorporación de vivenda usada vía cesión dos particulares á EMVSA para a súa xestión dentro do Banco municipal de vivenda como un xeito áxil e rápido de poder incrementar o parque público de vivenda para aluguer asequible.

- **Obxectivos**
  - Incorporación de novas vivendas para o seu aluguer social a través da Bolsa Municipal de Vivendas.
  - Aumentar o número de vivendas que conforman o Banco municipal de vivenda
  - Mobilizar vivenda baleira
- **Accións**
  - Incorporar novas vivendas para o seu aluguer asequible a través do Banco Municipal de Vivendas. Para elo EMVSA deberá incorporar novas vivendas de titularidade pública ou privada ao Banco Municipal de Vivenda, a título oneroso ou gratuíto, mediante convocatorias públicas ou ben acordos específicos con entidades de carácter público ou privado, para o seu posterior arrendamento ás persoas inscritas no rexistro de demandantes creado a tal efecto.
  - Actualizar o estudo estatístico de vivenda baleira, tentando identificar o nº real de vivendas filtrando a información recibida para trazar un inventario real da vivenda baleira e as súas características.
- **Resultados**
  - Actualización do estudo estatístico de vivendas baleiras no municipio. Inventario das vivendas baleiras no municipio ou cando menos traballo de depuración do parque de vivendas susceptibles de ser incorporadas como novas vivendas e detección das necesidades para incorporara ao mercado
  - Aumento do Parque público municipal de vivenda (vivendas de particulares en cesión de uso)
  - Aumento do Parque público municipal de vivenda (novas vivendas municipal)

Este documento ha sido firmado por MARIA CALVO LLANO a las 12:58 del día 22/07/2025 y por MARIA CALVO LLANO a las 13:18 del día 22/07/2025. Mediante el código de verificación 0T2D4M6N2Z1O3V5A06ZZ puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web https://sede.coruna.gal/



## 10. Fomento do traslado e mobilización de actividades de plantas altas e baixos dos edificios existentes cara á creación de novas vivendas

- **Entidades responsables ou partícipes**:
  - Concello
  - Entidades, asociacións, colexios profesionais.
  - Particulares
- **Contexto**

Na cidade consolidada existe un alto número de baixos desocupados. Aínda que se impulse o deseño dun programa específico de mobilización de baixos baleiro sen actividade, tanto para poñelos no mercado como para ver as súas posibilidades de reconversión a vivenda, esta última posibilidade é moi limitada; tanto pola normativa de habitabilidade que deben de cumprir as vivendas como polo interese de manter a actividade terciaria en planta baixas, actividade máis ligada aos propios usos da vía pública que a residencial.

Por outro lado existe un importante número de usos e actividades terciarias instaladas na plantas altas dos edificios que poderían funcionar perfectamente na plantas baixas e do seu traslado conseguiríase a creación de novas vivendas en condicións máis aptas que os baixos.

É por iso que se considera de interese implementar dous programas municipais coordinados entre si e complementarios.

- **Descrición**
  - Programa municipal de fomento do traslado de actividades terciarias das plantas altas aos baixos dos edificios coa consecuente creación de novas vivendas nas plantas altas que quedan dispoñibles.
  - Programa municipal de mobilización de baixos cara á súa posta en marcha e á posible creación de novas vivendas

- **Obxectivos**
  - A mellora da calidade de vida a nivel de vía pública, nos barrios donde é maior o número de baixos baleiros, e xerar facilidades na creación de nova vivenda adaptada e asequible.
  - Creación de novas vivendas accesibles e asequibles, públicas ou sociais, dirixidas aos sectores máis vulnerables da poboación, incluídos maiores, xóvenes, e determinados colectivos.
  - Posta no mercado de baixos baleiros coa consecuente reactivación da vida social no barrio.
  - Reutilizar recursos, neste caso espazos xa existentes, para adaptalos e poder dar resposta ás necesidades locais específicas identificadas.

- **Accións**
  - Buscar oportunidades de financiación para o desenvolvemento e implementación destes dous programas.
  - Avaliar o número de inmobles susceptibles de formar parte de este programa e barrios nos que despregar estes programas.
  - Estudar boas prácticas en funcionamento nesta liña de actuación.
  - Deseña un Programa específico que facilite a implementación de esta medida de cara ao traslado de actividades terciarias localizadas en plantas altas a plantas baixas, locais

Este documento ha sido firmado por MARIA CALVO LLANO a las 12:58 del día 22/07/2025 y por MARIA CALVO LLANO a las 13:18 del día 22/07/2025. Mediante el código de verificación 0T2D4M6N2Z1O3V5A06ZZ puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web https://sede.coruna.gal/



baleiros, permitindo reconverter estes locais das plantas altas en vivendas públicas ou sociais.

- Deseñar un Programa municipal de mobilización de baixos cara á súa posta en marcha e ao posible uso residencial

## - Resultados

- Posta en marcha do Programa de traslado de actividades das plantas altas cara aos baixos para a creación de novas vivendas asequibles
- Posta en marcha do Programa de mobilización dos baixos cara a fomentar a súa actividade ou mudar o uso a novas vivendas asequibles e adaptadas.

Este documento ha sido firmado por MARIA CALVO LLANO a las 12:58 del día 22/07/2025 y por MARIA CALVO LLANO a las 13:18 del día 22/07/2025. Mediante el código de verificación 0T2D4M6N2Z1O3V5A06ZZ puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web https://sede.coruna.gal/



## BLOQUE III. SISTEMAS DE PRESTACIÓNS E AXUDAS

Como se amosa en apartados anteriores A Coruña conta nun alto porcentaxe de vivenda baleira. Mobilizar a vivenda baleira para introducila na oferta resulta clave, sobre todo porque evita o consumo de solo e posibilita forma rápida para poder recuperar vivendas que nalgún momento xa foron parte da oferta pero quedaron deshabitadas e fora do mercado. Co obxectivo final de mobilizar un 40% incorpóranse medidas que contrarresten os principais factores identificados na persistencia da condición de baleiras como son as dificultades económicas para acometer as reformas precisas e facer fronte á súa contratación, a falta de información e a dificultade de acceder a ela, os riscos asociados as posibilidades de impagos e do estado final da vivenda.

| OE3 | | OBXECTIVOS ESPECIFICOS |
|---|---|---|
| O fomento e mellora do parque de vivendas existentes en A Coruña, mediante o impulso da rehabilitación, así como o fomento da accesibilidade e da eficiencia enerxética, co fin de mellorar a calidade, sustentabilidade e a adecuación das vivendas ás necesidades da poboación. | OE3.11.1 | A mellora das condicións de accesibilidade e relacionadas coa rehabilitación do parque edificado |
| | OE3.11.2 | O incremento do número de vivendas existentes, incentivando a fórmula de aluguer asequible |
| | OE3.11.3 | A mobilización de vivenda baleira |
| | OE3.12.1 | Incorporación de programas específicos para promover oferta de vivenda suficiente e adecuada, aplicables ás ZMRT (Lei 12/2023). |
| | OE3.12.2 | Convocatoria anual para obras de mellora da eficiencia enerxética e de accesibilidade. |
| | OE3.13.1 | Mobilizar a vivenda baleira existente |
| | OE3.13.2 | Aumentar a oferta de vivendas de aluguer asequible no municipio |
| | OE3.13.3 | Conservar e mellorar o parque edificado existente |
| | OE3.13.4 | Mobilizar a vivenda baleira existente e que se incorpore ao mercado de aluguer asequible |

Este documento ha sido firmado por MARIA CALVO LLANO a las 12:58 del día 22/07/2025 y por MARIA CALVO LLANO a las 13:18 del día 22/07/2025. Mediante el código de verificación 0T2D4M6N2Z1O3V5A06ZZ puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web https://sede.coruna.gal/



## 11. Axudas municipais de rehabilitación e accesibilidade

### - Entidades responsables ou partícipes

- Concello de A Coruña
- Entidades do 3º sector, asociacións e colexios profesionais.
- Particulares

### - Contexto

No Servizo de Vivenda e Rehabilitación da Concellería de Urbanismo promóvense actuacións que incentivan a rexeneración urbana do patrimonio existente na cidade; xestionando subvencións para conservación e a rehabilitación de edificios de vivendas na súa actividade de fomento da recuperación e conservación da cidade existente.

A regulación das subvencións efectúase mediante a "ordenanza reguladora da concesión de axudas para a conservación e rehabilitación de edificios de vivendas" cuxa última modificación foi aprobada definitivamente polo Pleno do Concello da Coruña na sesión que tivo celebrada o 8 de setembro de 2022 e publicouse no Boletín Oficial de la Provincia do día 21 de outubro de 2020.

### - Descrición

De cara reverter nestes próximos tres anos a situación diagnosticada de ZMRT, nas seguintes convocatorias estas axudas deberían estar directamente vinculadas ao fomento de vivendas de aluguer asequible e da incorporación ao mercado de aluguer de vivendas baleiras. Neste novo contexto teranse que revisar e actualizar as actuacións subvencionables ou ben mantelas pero condicionalas a mobilizar o parque de vivendas baleiras e xerar vivendas de aluguer asequible.

Na actualidade as actuacións subvencionables que serán obxecto de revisión cara a próximas convocatorias son:

- Obras de mellora de eficiencia enerxética: reforma de fachada, cuberta, substitución de caldeiras, enerxías renovables, cambio de ventás... que permitan obter unha redución da demanda enerxética anual global do inmoble de polo menos un 25% sobre a situación previa á actuación.
- Obras de accesibilidade en elementos comúns, e no interior das vivendas en que residan persoas con mobilidade reducida ou maiores de 70 anos, destinadas a dotalas das condicións establecidas na normativa vixente.
- Obras de adecuación das condicións de habitabilidade de vivendas construídas con licenza concedida con anterioridade á entrada en vigor do decreto do 311/1992, do 12 de novembro, sobre supresión da cédula de habitabilidade.
- Obras de mellora da sustenbilidade dos inmobles para o cumprimento do CTE dos parámetros de protección contra o ruído, de salubridade e de niveis de gas radón da edificación.
- Obras nos inmobles catalogados cando o seu obxectivo sexa a conservación e mantemento, reparación, restauración ou rehabilitación dos seus elementos ou partes obxecto de protección.
- Obras de conservación de edificios de uso residencial de vivenda colectiva con máis de 50 anos de antigüidade, cuxa execución permita a posterior emisión dun informe favorable de avaliación do edificio.

Este documento ha sido firmado por MARIA CALVO LLANO a las 12:58 del día 22/07/2025 y por MARIA CALVO LLANO a las 13:18 del día 22/07/2025. Mediante el código de verificación 0T2D4M6N2Z1O3V5A06ZZ puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web https://sede.coruna.gal/



- **Obxectivos**
  - A mellora das condicións de accesibilidade e relacionadas coa rehabilitación do parque edificado
  - O incremento do número de vivendas existentes, incentivando a fórmula de aluguer asequible
  - A mobilización de vivenda baleira
- **Accións**
  - Redeseñar as condicións da Convocatoria actual, tanto no referido aos beneficiarios como ás actuacións subvencionables.
  - Sacar con carácter bianual a Convocatoria para obras de mellora da rehabilitación e de accesibilidade, priorizando o aluguer asequible
- **Resultados**
  - Publicación e xestión da convocatoria de carácter bianual.
  - Non diminuír o nº de vivendas subvencionadas con relación ás convocatorias anteriores, tomando como referencia o período 2023-2024 (824 vivendas).

Este documento ha sido firmado por MARIA CALVO LLANO a las 12:58 del día 22/07/2025 y por MARIA CALVO LLANO a las 13:18 del día 22/07/2025. Mediante el código de verificación 0T2D4M6N2Z1O3V5A06ZZ puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web https://sede.coruna.gal/



## 12. Programas de axuda en materia de rehabilitación residencial e vivenda social do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia (Entornos Residenciais de Rehabilitación Programada, ERRPs, e Áreas de Rehabilitación Integral, ARIs)

- **Entidades responsables ou partícipes**
  - Concello de A Coruña
  - Particulares
  - Outras Administracións
- **Contexto**

Programas de axuda en materia de rehabilitación residencial e vivenda social do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia (Entornos Residenciais de Rehabilitación Programada, ERRPs, e Áreas de Rehabilitación Integral, ARIs).

- **Descrición**

O Plan Estatal de rehabilitación conta cun orzamento de 6 millóns de euros de inversión en rehabilitación de vivenda e mellora do espazo público nos 4 ámbitos de Entornos Residenciais de Rehabilitación Programada (ERRP) declarados na cidade: Barrio de las Flores, Cidade Vella-Pescadería, Labañou e Ventorrillo. Estas axudas a contornos residenciais de rehabilitación programada forman parte dos programas de axuda en materia de rehabilitación residencial e vivenda social do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, regulados polo Real decreto 853/2021, do 5 de outubro, financiadas polos fondos europeos Next Generation.

Os Proxectos de urbanización dos 4 ámbitos xa están redactados e consonte ao artigo 19 da correspondente normativa, as actuacións financiadas a través dese programa deben estar rematadas antes do 30 xuño de 2026.

- **Obxectivos**
  - Incorporación de programas específicos para promover oferta de vivenda suficiente e adecuada, aplicables ás ZMRT (Lei 12/2023).
  - Convocatoria anual para obras de mellora da eficiencia enerxética e de accesibilidade.
- **Accións**
  - xornadas para trasladar toda a información da convocatoria das subvencións e axudas que publicarase no primeiro semestre do ano 2025
  - convocatoria das subvencións e axudas que publicarase no primeiro semestre do ano 2025
  - redacción dos proxectos de urbanización dos ámbitos e consonte ao artigo 19 da correspondente normativa, as actuacións financiadas a través dese programa deben estar rematadas antes do 30 xuño de 2026

Este documento ha sido firmado por MARIA CALVO LLANO a las 12:58 del día 22/07/2025 y por MARIA CALVO LLANO a las 13:18 del día 22/07/2025. Mediante el código de verificación 0T2D4M6N2Z1O3V5A06ZZ puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web https://sede.coruna.gal/



- **Resultados**

  - Con cargo ao orzamento 2025, 4 ámbitos nos Entornos Residenciais de Rehabilitación Programada (ERRPs) declarados na cidade
    - ERRP Barrio de las Flores
      - 126 actuacións
      - 3784 m2 superficie de reurbanización
    - Cidade Vella- Pescadería
      - 42 actuacións
      - 850.000 m2 superficie de reurbanización
    - ERRP Casas María Pita, Labañou
      - 40 actuacións
      - 3.762 m2 superficie de reurbanización
    - ERRP Casas de Franco, Ventorrillo
      - 76 actuacións
      - 1.570 m2 superficie de reurbanización
  - Con cargo aos próximos tres anos, continuación da convocatoria no marco das novas previsors do Plan Estatal de vivenda

Este documento ha sido firmado por MARIA CALVO LLANO a las 12:58 del día 22/07/2025 y por MARIA CALVO LLANO a las 13:18 del día 22/07/2025. Mediante el código de verificación 0T2D4M6N2Z1O3V5A06ZZ puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web https://sede.coruna.gal/



## 13. Outras axudas e programas para mobilizar vivenda baleira

- **Entidades responsables ou partícipes**
  - Concello de A Coruña
  - EMVSA
  - Asociacións e colexios profesionais.
  - Particulares
- **Contexto**

Nun contexto que resulta clave mobilizar todos os recursos posibles para aumentar a oferta do número de vivendas de aluguer asequible, plantéase a necesidade de incorporar outras axudas que complementen as xa existentes.
Entre outras, os propietarios, persoas físicas, poden beneficiarse de determinadas deducións fiscais, segundo o previsto na Lei de vivenda de Galicia, e sucesivas modificacións así como as derivas da aplicación da Lei do dereito á vivenda e da Declaración ZMRT.
Esta medida consiste en tratar de incorporar aquelas propiedades de vivenda en desuso, vivendas baleiras, que non amosan interese en xestionar a súa introdución no mercado de aluguer, activando medidas que palíen as reticencias maiores para este tipo de propiedade como poden ser o feito de ter que afrontar a execución de obras de mellora do inmoble ou ter que facer fronte ao impago da renda ou ao estado final do inmoble.
Na actualidade non contamos cun censo ou rexistro actualizado das vivendas baleiras, en todo caso tómase como referencia a metodoloxía do Censo de Poboación e Vivenda (2011) que está en proceso de actualización (2021) e que relaciona claramente o feito de **vivenda baleira** co de **vivenda deshabitada.** Para a determinación do período de deshabitada tomase como referencia o período de 2 anos que aplica a Lei do dereito á vivenda en relación á actualización da renda en función das actuación executadas na vivenda nos últimos dous anos. En todo caso, cando se actualice o Censo de poboación e vivenda a 2021, unha vez analizados os datos e contrastados, podería reconsiderarse que fose o dato de referencia.

- **Descrición**

Fomentarase o aluguer de vivendas desocupadas e baleiras a través de diferentes medios, ofrecendo axudas directas para o pago de pólizas de seguro de impago e multirrisco e estudando a posibilidade de deseñar un programa específico que facilite os acordos entre posibles persoas arrendadoras e arrendatarias, aplicando a fórmula de “Rehabilitación por renda” previsto no artigo 17.5 da Lei de Arrendamento Urbanos (LAU).
Prevese que esta medida por unha banda poida subvencionar o custe anual do seguro para aqueles propietarios que aluguen unha vivenda baleira; entendendo por vivenda baleira aquela que levase mais de 2 anos baleira no momento da solicitude. E por outra banda, implementar un programa específico que impulse dos Acordos de “Rehabilitación por renda” que estará ao previsto no artigo 17.5 da Lei de Arrendamento Urbanos (LAU).
Este tipo de programa conta xa con experiencias de éxito tanto noutras comunidades autónomas como noutros países de Europa, circunstancia que asegura o seu éxito e facilita a súa implantación.

- **Obxectivos**
  - Mobilizar a vivenda baleira existente e que se incorpore ao mercado de aluguer asequible
  - Aumentar a oferta de vivendas de aluguer asequible no municipio
  - Conservar e mellorar o parque edificado existente

Este documento ha sido firmado por MARIA CALVO LLANO a las 12:58 del día 22/07/2025 y por MARIA CALVO LLANO a las 13:18 del día 22/07/2025. Mediante el código de verificación 0T2D4M6N2Z1O3V5A06ZZ puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web https://sede.coruna.gal/



- **Accións**
  - Habilitar unha dotación económica para axudas directas ao pago dos seguros de impago que cubran a falta de pagamento e multirriscos para vivendas baleiras
  - Bonificación fiscal para ás vivendas baleiras que se incorporen á fórmula de aluguer asequible.
- **Resultados**
  - Convocatoria de axudas do seguro de carácter anual e aberta ata esgotar fondos
  - Posta en marcha do Programa de “Rehabilitación por renda”

Este documento ha sido firmado por MARIA CALVO LLANO a las 12:58 del día 22/07/2025 y por MARIA CALVO LLANO a las 13:18 del día 22/07/2025. Mediante el código de verificación 0T2D4M6N2Z1O3V5A06ZZ puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web https://sede.coruna.gal/



## 14. Impulso das políticas de vivenda a través da Empresa Municipal de Vivenda, Servizos e Actividades (EMVSA)

### - Entidades responsables ou partícipes

- Concello de A Coruña
- EMVSA.
- Particulares

### - Contexto

Medida vinculada co encargo a EMVSA, por parte da Xunta de Goberno Local, da xestión legal, administrativa e técnica do Banco Municipal de Vivenda destinado ao alugueiro social. Este encargo pretende facer efectivo o dereito de toda a cidadanía da Coruña ao acceso a unha vivenda digna e axeitada ás súas necesidades.

### - Descrición

Dito encargo terá como obxecto o apoio técnico e administrativo ás unidades administrativas do Concello de A Coruña con relación ao programa de aluguer social de vivenda, comprendendo as actuacións precisas de cara a acadar os obxectivos identificados.

### - Obxectivos

- A mellora da xestión do parque público municipal de vivenda
- Un servizo de atención completo en materia de vivenda destinado á cidadanía
- Maior transparencia nos procedementos relacionados co parque de vivendas municipais

### - Accións

- Creación dun Rexistro de Demandantes de Vivenda en Aluguer Social. Para o cal EMVSA creará un rexistro de demandantes de vivenda en aluguer social cuxa posta en funcionamento e posterior xestión se deberá desenvolver regulamentariamente, e ao que poderán concorrer todas as persoas físicas e unidades de convivencia que acrediten o cumprimento das condicións persoais e socioeconómicas que nese regulamento se determinen. E avaliarase a viabilidade de establecer un Acordo de colaboración co Instituto Galego de Vivenda e Solo, de cara a unificar criterios e empregar un único Rexistro de Demandantes de Vivenda.
- EMVSA elaborará una regulación de acceso ás vivendas do Banco público municipal con carácter previo á posta a disposición das vivendas incluídas no banco.
- Xestionar legal, administrativa e economicamente o arrendamento das vivendas, para elo EMVSA desenvolverá as tarefas de carácter legal, administrativo e económico relacionadas có arrendamento das vivendas do banco municipal. Isto conlevará que EMVSA asuma as obrigas propias da condición de arrendador e propietario no lugar do Concello

Este documento ha sido firmado por MARIA CALVO LLANO a las 12:58 del día 22/07/2025 y por MARIA CALVO LLANO a las 13:18 del día 22/07/2025. Mediante el código de verificación 0T2D4M6N2Z1O3V5A06ZZ puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web https://sede.coruna.gal/



- Realizar o adecuado seguimento das axudas públicas locais, provinciais, autonómicas ou estatais en materia de vivenda, para efectos de presentar as solicitudes, podendo actuar no futuro como entidade colaboradora e tramitadora das ditas axudas nos termos dos plans de vivenda vixentes.
- Difundir todas as convocatorias para incorporación de vivendas ao banco, así como para a súa adxudicación aos arrendatarios, a través de redes sociais, páxina web municipal e de EMVSA, prensa escrita ou radiofónica, boletíns oficiais, etc. para o seu coñecemento público e libre concorrencia por todas as persoas que poidan ser interesadas.

### - Resultados

- Oficina de atención, asesoramento e acompañamento á cidadanía
- Desenvolver unha campaña informativa específica con elaboración de material divulgativo sobre a Declaración ZMRT e a Oficina de atención.

Este documento ha sido firmado por MARIA CALVO LLANO a las 12:58 del día 22/07/2025 y por MARIA CALVO LLANO a las 13:18 del día 22/07/2025. Mediante el código de verificación 0T2D4M6N2Z1O3V5A06ZZ puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web https://sede.coruna.gal/



# BLOQUE IV. SISTEMA DE GOBERNANZA E COLABORACIÓN INTERADMINISTRATIVA

Con o obxectivo de favorecer o acceso á vivenda asequible, este plan de medidas aposta pola colaboración das tres administracións implicadas: Concello de A Coruña, Xunta de Galicia e Ministerio de Vivenda, traballando tamén coas empresas e sectores sociais implicados na vivenda na cidade coa finalidade principal de dotar dun parque de vivenda público e protexido suficiente na Coruña, que permita dar resposta as demandas da cidadanía e exercer coma un mecanismo a futuro de control de prezos na cidade. Ao tempo que consciente das dificultades da cidadanía para acceder tanto á información relativa á vivenda como á poder levar a cabo as xestións precisas; pon os recursos necesarios para facer fronte a elas e facilitar ás persoas ó acceso a unha vivenda digna e asequible.

| OE4 | | OBXECTIVOS ESPECIFICOS |
|---|---|---|
| A cidadanía debe dispoñer de información mais detallada e acaída ás súas necesidades no ámbito da vivenda, desde un enfoque mais integral, que acompañe ás persoas no proceso de aluguer, xestións das axudas e subvencións, incentivos, etc. | OE4.15.1 | Seguimento do procedemento de Declaración ZMRT e aportacións durante o proceso. |
| | OE4.15.2 | Definición de gran tenedor. |
| | OE4.15.3 | Incorporación de novos representantes de: IGVS - terceiro sector – outros axentes interesados |
| | OE4.15.4 | Proposta de novas tarefas da Mesa sectorial relacionadas coa posta en marcha de Declaración e os efectos previstos da Declaración ZMRT |
| | OE4.16.1 | Aplicación efectiva dos efectos da Declaración ZMRT e concretamente da regulación do prezo do aluguer |
| | OE4.16.2 | Comunicación clara e sinxela da información relacionada cos efectos da Declaración ZMRT tanto á cidadanía en xeral como aos profesionais do sector |
| | OE4.16.3 | Activación de canles de comunicación durante os tres anos da Declaración ZMRT |
| | OE4.17.1 | A mellora da xestión do parque público municipal de vivenda |
| | OE4.17.2 | Un servizo de atención completo en materia de vivenda destinado á cidadanía |
| | OE4.17.3 | Maior transparencia nos procedementos relacionados co parque de vivendas municipais |
| | OE4.18.1 | Deber de colaboración reforzado entre as administracións públicas competentes en materia de vivenda (art.20 da Lei 12/2023). |
| | OE.4.18.2 | Aproveitamento os recursos existentes e mellorar ou implementar as áreas de vivenda e as relacionadas. |
| | OE.4.18.3 | Incorporación os datos empregados na Declaración de ZMRT, depurándoos, e os datos relacionados co parque residencial do municipio |

Este documento ha sido firmado por MARIA CALVO LLANO a las 12:58 del día 22/07/2025 y por MARIA CALVO LLANO a las 13:18 del día 22/07/2025. Mediante el código de verificación 0T2D4M6N2Z1O3V5A06ZZ puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web https://sede.coruna.gal/



## 15. Mesa sectorial de vivenda e acordos con axentes

### - Entidades responsables ou partícipes

- Concello de A Coruña
- Mesa sectorial da vivenda e outros axentes implicados

### - Contexto

A Declaración conleva efectos que son obxecto de máis detalle en apartado aparte, ver Anexo, e que se imbrincan nas diferentes medidas propostas.

As principais competencias en materia de vivenda recaen na Administración autonómica, pero queda evidenciado neste procedemento que a vivenda é unha materia na que inflúen e conflúen diversos aspectos é por elo que para avanzar nesta materia resulta fundamental traballar en clave de consenso, consenso entre administracións e consenso entre axentes implicados xa que de outra forma os esforzos realizados non chegarán a reverter a situación actual.

### - Descrición

Todas as aportacións deben ser benvidas ao longo dos tres próximos anos e feitas en clave prepositiva, resultando clave manter unha estreita colaboración desde as diferentes ópticas de cada axente e cun obxectivo común, mellorar o acceso á vivenda digna e asequible. Esta medida pretende que os axentes ademais de estar convocados á Mesa sectorial de vivenda teñan un papel activo e acorde aos seus intereses.

### - Obxectivos

- Seguimento do procedemento de Declaración ZMRT e aportacións durante o proceso.
- Definición de gran tenedor.
- Incorporación de novos representantes de:
